Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

A Mesa admite a retirada solicitada no doc. núm. 52381

- 44718 (10/POC-007157)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre o financiamento pola Xunta de Galicia, na actualidade, de programas de investigación, desenvolvemento, innovación e tecnoloxía que faciliten a incorporación das empresas turísticas galegas á sociedade do coñecemento, e, se é o caso, o investimento destinado para ese fin

BOPG nº 428, do 07.02.2019

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

A Mesa admite a retirada solicitada no doc. núm. 52381

- 46926 (10/POC-007465)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da execución dos traballos de aglomerado e pintado da estrada que dá acceso ao Parque Natural das Fragas do Eume, desde o punto quilométrico 2+200 ata o punto quilométrico 5-500, no concello da Capela

BOPG nº 442, do 07.03.2019

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

A Mesa admite a retirada solicitada no doc. núm. 52387

- 47382 (10/POC-007532)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e 2 máis

Sobre a valoración polo Goberno galego das repercusións da perda de vixilancia e de asistencia técnica no ámbito afectado pola Confraría de Barallobre, a consecuencia da súa exclusión das axudas reflectidas na Orde do 7 de setembro de 2018, as actuacións previstas e a pregunta formulada á Comisión Europea ao respecto

BOPG nº 444, do 13.03.2019

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

A Mesa admite a retirada solicitada no doc. núm. 52382

- 48071 (10/POC-007642)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Losada Álvarez, Abel Fermín



Sobre os datos referidos aos turistas aloxados nos anos 2017 e 2018 nos albergues turísticos públicos e privados de cada un dos concellos galegos, as reclamacións presentadas en relación cos de carácter público e as actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia ao respecto

BOPG nº 455, do 03.04.2019

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

A Mesa admite a retirada solicitada no doc. núm. 52381

- 48167 (10/POC-007652)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Fernández Fernández, Raúl

Sobre as medidas adoptadas polo Goberno galego para o cumprimento do acordo parlamentario referido á realización de xestións coas empresas subministradoras de enerxía eléctrica para resolver as deficiencias que presenta a electrificación no medio rural, así como respecto do desenvolvemento dalgunha liña de axudas para as empresas agrogandeiras que precisan melloras na súa subministración enerxética

BOPG nº 455, do 03.04.2019

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

A Mesa admite a retirada solicitada no doc. núm. 52391

- 48841 (10/POC-007748)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis

Sobre os datos referidos á acreditación da cesión ou contratación de inmobles propiedade do Concello das Nogais por dúas persoas solicitantes de axudas para a posta en funcionamento de casas de maiores, ao abeiro da Orde do 24 de agosto de 2018

BOPG nº 463, do 17.04.2019

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

A Mesa admite a retirada solicitada no doc. núm. 52578

- 49255 (10/POC-007792)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da elaboración dun estudo do impacto socioeconómico dos aloxamentos vacacionais en Galicia, así como a valoración das súas repercusións nos demais sectores

BOPG nº 470, do 30.04.2019

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

A Mesa admite a retirada solicitada no doc. núm. 52381

- 49260 (10/POC-007793)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Fernández Fernández, Raúl



Sobre as actuacións levadas a cabo e previstas pola Xunta de Galicia para mellorar a coordinación entre as diferentes administracións en materia de loita contra a praga do tártago de patas amarelas (*Vespa velutina*), así como a súa opinión referida á xestión levada a cabo ao respecto

BOPG nº 470, do 30.04.2019

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

A Mesa admite a retirada solicitada no doc. núm. 52391

- 49514 (10/POC-007834)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e 2 máis

Sobre os datos referidos á facturación de Portos de Galicia polo cobramento de taxas de actividade portuaria durante o ano 2018 no porto de Cariño e, en particular, polos movementos de comercialización e exportación de minerais, así como a cantidade de dunita e de madeira transportada

BOPG nº 474, do 07.05.2019

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

A Mesa admite a retirada solicitada no doc. núm. 52382

- 51672 (10/POC-008021)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Fernández Fernández, Raúl

Sobre a información e as medidas previstas pola Consellería do Medio Rural respecto dos impagamentos e a débeda cos gandeiros galegos dos operadores intermediarios coas empresas transformadoras do leite

BOPG nº 493, do 26.06.2019

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

A Mesa admite a retirada solicitada no doc. núm. 52391

- 51733 (10/POC-008031)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Fernández Fernández, Raúl

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da elaboración, antes do remate do ano 2019, dun plan estratéxico do xabaril, coa participación e consenso dos sectores implicados, así como os datos referidos aos expedientes tramitados por danos desa especie ao abeiro da liña de axudas convocada para o ano 2019, a través da Orde do 7 de decembro de 2018

BOPG nº 493, do 26.06.2019

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

A Mesa admite a retirada solicitada no doc. núm. 52391





### 1.4.5. Respostas a preguntas

#### Coñecemento da resposta, remisión aos deputados e publicación

- 52414 - 48511 (10/PRE-014779)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre os datos referidos ás modificacións levadas a cabo nos créditos orzamentarios inicialmente destinados ás corporacións locais de Galicia para o ano 2018 e a valoración do Goberno galego ao respecto BOPG nº 459, do 10.04.2019

- 52442 - 49489 (10/PRE-014869)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a opinión e as previsión do Goberno galego respecto da política laboral que se está a seguir no Sergas e a resolución do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia referida á concatenación de contratos eventuais para postos de carácter estrutural BOPG nº 474, do 07.05.2019

- 52243 - 49795 (10/PRE-014920)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre o desprazamento da técnico titular da Unidade de Medicina Nuclear do Hospital Lucus Augusti, de Lugo, por unha persoa en comisión de servizo BOPG nº 477, do 15.05.2019

- 52413 - 51586 (10/PRE-015026)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a posible utilización por parte do Goberno galego na actualidade de herbicidas con glifosato nas estradas do Baixo Miño, así como as súas previsións respecto do abandono do seu uso nos lugares públicos e a súa substitución por métodos alternativos non contaminantes nin perigosos para a saúde e para o ambiente BOPG nº 493, do 26.06.2019

- 52444 - 51725 (10/PRE-015039)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a información do Goberno galego referida ás carencias de material básico que se veñen padecendo no Centro de Saúde de Foz, así como a súa opinión respecto da súa incidencia na calidade asistencial do centro BOPG nº 493, do 26.06.2019

- 52441 - 51847 (10/PRE-015049)

Grupo Parlamentario de En Marea

Miranda Pena, Flora María e Vázquez Verao, Paula



Sobre as actuacións levadas a cabo pola Xerencia de Xestión Integrada para mellorar a atención aos doentes oncohematolóxicos da área sanitaria de Santiago de Compostela e a dispoñibilidade dalgún plan para dotar do persoal necesario a área de Oncohematoloxía  
BOPG nº 495, do 01.07.2019

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2019

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

## **2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento**

### **2.4. Organización e funcionamento do Parlamento**

#### **2.4.3. Convocatorias**

**Acordo da Mesa do Parlamento, do 17 de xullo de 2019, pola que se admite a trámite o escrito dos GG. PP. dos Socialistas de Galicia e de En Marea polo que solicitan a celebración urxente dunha reunión da Deputación Permanente, para que se proceda á convocatoria dun pleno extraordinario**

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 17 de xullo de 2019, adoptou os seguintes acordos:

Escrito dos GG. PP. dos Socialistas de Galicia e de En Marea polo que solicitan a celebración urxente dunha reunión da Deputación Permanente, para que se proceda á convocatoria dun Pleno extraordinario (doc. núm. 52604; 10/SCDP-000004).

Vista a solicitude de convocatoria dunha reunión da Deputación Permanente polo procedemento de urxencia presentada polos grupos parlamentarios dos Socialistas de Galicia e de En Marea.

Visto o disposto no artigo 56.4 do Regulamento do Parlamento de Galicia e dado que cumpre o requisito de lexitimación, a Mesa adopta o seguinte acordo:

1. Admitir a trámite, polo procedemento de urxencia, a solicitude dos grupos parlamentarios dos Socialistas de Galicia e de En Marea polo que solicitan a celebración urxente dunha reunión da Deputación Permanente para que se proceda á convocatoria dun pleno extraordinario (doc. núm. 52604; 10/SCDP-000004).

2. A súa remisión aos grupos parlamentarios e a publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2019

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Davide Rodríguez Estévez**, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 2.<sup>a</sup>**, sobre a aplicación de herbicidas nas marxes das estradas de titularidade autonómica para a eliminación de mato.

O Grupo Parlamentario Mixto foi alertado por parte de distintos colectivos do uso de compoñentes químicos por parte da Xunta de Galicia nas marxes das estradas da súa titularidade para a eliminación de mato.

Somos coñecedores do “vicio” que a Administración autonómica ten na aplicación destes venenos, concretamente do glifosato, potente herbicida xenérico que a Unión Europea está a punto de prohibir e que a OMS considera como canceríxeno.

Tamén, dende o Servizo Público de Defensa Contra Incendios Forestais, alertan de que o efecto que se consegue secando esta herba con veneno, acaba secando por completo polo que a velocidade de propagación é moito maior que si se roza, xa que deste xeito quedaría recen saída e verde.

Actualmente hai informes tallantes da Organización Mundial da Saúde (OMS) e de organismos de toxicoloxía en toda Europa que mostran os terribles efectos destes produtos no medio ambiente e o alto potencial canceríxeno en mamíferos e persoas. Recordan que todo o que toca este produto queda contaminado.



Estas malas prácticas, ademais de contribuír á contaminación química dos acuíferos e ao envelenamento do medio, son un factor engadido de risco de incendios pola cantidade de biomasa vexetal seca que se amorea. A práctica de evitar o crecemento da vexetación herbácea das cunetas mediante o uso masivo e indiscriminado de herbicidas, comporta máis efectos negativos que positivos.

Reclamamos o abandono destas prácticas e a substitución por traballos de rozado mecánico, con recuperación da materia orgánica para a fabricación de “compost”.

Por todo o anterior este deputado formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

Ten pensado a Xunta de Galicia frear a práctica que esta está a usar ao botar velenos nas marxes das súas estradas polos riscos ambientais e para a saúde que conleva a súa aplicación?

Santiago de Compostela , 3 de xullo de 2019.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Deputado do G.P. Mixto

**Asinado dixitalmente por:**

**David Rodríguez Estévez na data 03/07/2019 16:43:24**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Davide Rodríguez Estévez**, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para o seu debate na **Comisión 2.<sup>a</sup>**, sobre a amortización de prazas de axentes medioambientais e forestais no distrito VI.

A Asociación Profesional de Axentes Forestais e Medioambientais de Galicia denuncia que desde a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, se realizou unha proposta de amortización de postos de traballo nas que se inclúen 4 prazas de axente que afectarán aos distritos: V- Fisterra, VI -Mariña Lugo, XIII-Valdeorras-Trives e XIX-Caldas-O Salnés. Pola contra estas prazas servirán para a creación de 4 prazas no Parque Nacional das Illas Atlánticas.

Entre os traballos que realizan os axentes forestais e axentes facultativos medioambientais están a protección, vixilancia e control da superficie dentro da Rede Natura e dos espazos naturais protexidos, control, vixilancia e supervisión dos tecores de Caza, zonas libres de caza, zonas de exclusión, refuxios de fauna, tamén a vixilancia dos coutos de pesca, tramos libres de pesca sen morte, vedados, zonas de desove, encoros, realizan inventarios e censos de especies cinxéticas e piscícolas, encárganse da protección de especies protexidas (píllara, agüia real...), inspeccionan os danos producidos pola fauna salvaxe (xabari, lobo, córvidos, corzos), fan informes, actas, e denuncias; así como a vixilancia constante diúrna e nocturna contra o furtivismo de caza e pesca, o control do uso público de montes e ríos, xestión e trampeo de especies invasoras, recollida e transporte de fauna ferida ou en certos casos morta (lobos), xestións de cortas ripícolas na zona de servidume de augas ,e xestións de aproveitamentos e obras (cortas, rozas..) en zonas protexidas entre outras.



Ademais, no distrito VI da Mariña lucense, esta praza que se amortiza ten especial repercusión xa que estamos a falar dun distrito que contén varios ríos nos que abunda o salmón, como son o Ouro, o Masma, o Landro, o Eo, de especial complexidade e vixilancia xa que é a divisoria entre Galicia e Asturias e o reo nos ríos Landro, Loureiro e no Sor, as Zonas de Especial Conservación como son a Serra do Xistral, a praia das Catedrais e río Eo que ofrece especiais complexidades na xestión de tempada de pesca desde o 1 de maio ao 31 de xullo.

Neste distrito prodúcese arredor do 50% dos danos canis lupus ou lobo da provincia de Lugo, non contando cun plan de xestión actualizado de xestión desta especie.

Durante a Semana Santa e o verán, teñen que ir todos os días a patrullar ás catedrais durante as visitas, co cal o resto das funcións queda coxa.

Por iso se fai necesario dotar de efectivos persoais a este distrito e non recortar unha praza.

É vital conservar as actuais prazas de Axentes Forestais e Medioambientais que existen neste Distrito VI e en toda Galicia, xa que este servizo actualmente é deficitario pola carga de traballo que este colectivo ten que realizar a diario.

É fundamental que se creen novas prazas para a realización do traballo por parellas, que implique unha mellora na seguridade, na eficacia e na calidade do desenvolvemento das tarefas tanto de carácter administrativo como as de carácter policial.

Denuncia tamén esta asociación APRAFOGA que mentres que na Consellería de Medio Rural se cobren con persoal interino todas as prazas tanto vacantes como non vacantes das que dispoñen na Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, non se convocan procesos de oposición para cubrir as actuais prazas vacantes e tampouco se cobren as mesmas con persoal interino.



Por todo o exposto o Grupo Parlamentario Mixto presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 2.<sup>a</sup>:

1.- Que razóns ten a Xunta para amortizar 1 praza de axentes forestais e axentes facultativos medioambientais no Distrito VI? Cantos efectivos ten este distrito? Parécelle que realizan con eficiencia, seguridade e eficacia as súas funcións cando van solos? Pensa a Xunta que non terían máis eficacia e seguridade se fosen por parellas? Como se cobren as baixas e as vacacións? Que pasa durante eses períodos no que un axente está de vacacións?

2.- Pensa a Xunta que ten algo que ver esa eliminación de prazas coas 4 de nova creación no Parque Nacional das Illas Atlánticas? Por que non son estas 4 prazas de nova creación?

3.- Por que non cubre a Consellería de Medio Ambiente de xeito provisional as prazas vacantes no Distrito VI con persoal interino? Parécelle a Xunta ben que este colectivo se ocupe da vixilancia e patrulla de todos os días nos que hai visitas á Praia das Catedrais sen contar con máis reforzos? Parécelle que non teñen abondas tarefas para facer por exemplo cando se abre a pesca do salmón?

4.- Vai convocar a Xunta de Galicia oposición ao corpo de axentes forestais e medioambientais facultativos? Cando? En que ano?

Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2019.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Deputado do G.P. Mixto.

**Asinado dixitalmente por:**

**David Rodríguez Estévez na data 03/07/2019 17:41:51**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Davide Rodríguez Estévez**, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 2.<sup>a</sup>**, sobre a amortización de prazas de AAMM.

Desde a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, e dende Medio Rural, se realizou unha proposta de amortización de postos de traballo nas que se inclúen 4 prazas de axente que afectarán aos distritos: V- Fisterra, VI -Mariña Lugo, XIII- Valdeorras-Trives e XIX-Caldas-O Salnés. Pola contra estas prazas servirán para a creación de 4 prazas no Parque Nacional das Illas Atlánticas.

Nalgúns destes distritos como a Mariña os axentes ademais son os encargados da vixilancia da praia das Catedrais en Lugo, con motivo da máxima afluencia de visitantes permitida, nos períodos vacacionais (Semana Santa, verán). No caso do XIII, Valdeorras-Trives, ademais da súa complexidade pola extensión e a orografía, producíronse nos últimos días incendios devastadores en Laza, Lobeira, Chandrexa de Queixa, A Mezquita, Viana do Bolo, O Carballiño, A Gudiña, Viana do Bolo, Manzaneda, Cualedro e Padrenda, A Teixeira, Viana y Verín e Manzaneda, todos entre os distritos XII, XIII, XIV e XV.

Entre os traballos que realizan os axentes están a protección, vixilancia e control da superficie dentro da Rede Natura e dos espazos naturais protexidos, control, vixilancia e supervisión dos tecores de Caza, zonas libres de caza, zonas de exclusión, refuxios de fauna, tamén a vixilancia dos coutos de pesca, tramos libres de pesca sen morte, vedados, zonas de desove, encoros, realizan inventarios e censos de especies cinexéticas e piscícolas, encárganse da protección de especies protexidas (píllara, aguiá real...), inspeccionan os danos producidos pola fauna salvaxe (xabaril, lobo, córvidos, corzos), fan informes,





actas, e denuncias; así como a vixilancia constante diúrna e nocturna contra o furtivismo de caza e pesca, o control do uso público de montes e ríos, xestión e trampeo de especies invasoras, recollida e transporte de fauna ferida ou en certos casos morta (lobos), xestións de cortas ripícolas na zona de servidume de augas, e xestións de aproveitamentos e obras (cortas, rozas..) en zonas protexidas entre outras.

Non só non se deben amortizar esas 4 prazas, senón que se deberían ampliar os efectivos nestas zonas.

A asociación profesional ve nesta unha decisión unilateral da Consellería, que non se consultou ao persoal afectado: as axentes forestais e axentes facultativos medioambientais que traballan nestes distritos.

É vital conservar as actuais prazas de Axentes Forestais e Medioambientais que existen en toda Galicia, xa que este servizo actualmente é deficitario pola carga de traballo que este colectivo ten que realizar a diario.

É fundamental que se creen novas prazas para a realización do traballo por parellas, que implique unha mellora na seguridade, na eficacia e na calidade do desenvolvemento das tarefas tanto de carácter administrativo como as de carácter policial.

Denuncia tamén esta asociación APRAFOGA que mentres que na Consellería de Medio Rural se cobren con persoal interino todas as prazas tanto vacantes como non vacantes das que dispoñen na Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, non se convocan procesos de oposición para cubrir as actuais prazas vacantes e tampouco se cobren as mesmas con persoal interino.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario Mixto presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 2.<sup>a</sup>:



- 1.- Que razóns ten a Xunta para amortizar prazas de axentes forestais e axentes facultativos medioambientais nos distritos Distritos V, VI, XIII e XIX?
- 2.- Pensa a Xunta que ten algo que ver esa eliminación de prazas coas 4 de nova creación no Parque Nacional das Illas Atlánticas? Por que non son estas 4 prazas de nova creación?
- 3.- Por que non cubre a Consellería de Medio Ambiente de xeito provisional as prazas vacantes con persoal interino?
- 4.- Vai convocar a Xunta de Galicia oposición ao corpo de axentes forestais e medioambientais facultativos? Cando? En que ano?

Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2019.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Deputado do G.P. Mixto

**Asinado dixitalmente por:**

**David Rodríguez Estévez na data 03/07/2019 17:31:17**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Davide Rodríguez Estévez**, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 2.<sup>a</sup>**, sobre a amortización de prazas de axentes medioambientais e forestais no distrito XIII.

Dende a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, se realizou unha proposta de amortización de postos de traballo nas que se inclúen 4 prazas de axente que afectarán aos distritos: V- Fisterra, VI -Mariña Lugo, XIII- Valdeorras-Trives e XIX-Caldas-O Salnés. Pola contra estas prazas servirán para a creación de 4 prazas no Parque Nacional das Illas Atlánticas.

No caso do XIII, Valdeorras-Trives, ademais da súa complexidade pola extensión e a orografía, producíronse nos últimos días incendios devastadores en Laza, Lobeira, Chandrexa de Queixa, A Mezquita, Viana do Bolo, O Carballiño, A Gudiña, Viana do Bolo, Manzaneda, Cualedro e Padrenda, A Teixeira, Viana y Verín e Manzaneda, todos entre os distritos XII, XIII, XIV e XV.

Entre os traballos que realizan os axentes están a protección, vixilancia e control da superficie dentro da Rede Natura e dos espazos naturais protexidos, control, vixilancia e supervisión dos tecores de Caza, zonas libres de caza, zonas de exclusión, refuxios de fauna, tamén a vixilancia dos coutos de pesca, tramos libres de pesca sen morte, vedados, zonas de desove, encoros, realizan inventarios e censos de especies cinexéticas e piscícolas, encárganse da protección de especies protexidas (píllara, aguia real...), inspeccionan os danos producidos pola fauna salvaxe (xabaril, lobo, córvidos, corzos), fan informes, actas, e denuncias; así como as vixilancia constante diúrna e nocturna contra o furtivismo de caza e pesca, o control do uso público de montes e ríos, xestión e trampeo de especies invasoras, recollida e transporte de fauna ferida ou en certos



casos morta (lobos), xestións de cortas ripícolas na zona de servidume de augas, e xestións de aproveitamentos e obras (cortas, rozas..) en zonas protexidas entre outras.

Na zona de Valdeorras - Trives ou distrito XIII na comarca de Valdeorras é caótica xa que na actualidade só hai 3 prazas de axentes das cales unha está sen ocupar que é a que se vai amortizar. Das outras dúas un axente (zonal) ten que atender en solitario o parque da Enciña da Lastra e outro ten que facer servizo, tamén en solitario no período ordinario, coa mingua na seguridade deste persoal.

A ampliación das prazas é algo fundamental, e non se debería estar a falar de amortización de prazas, e menos de xeito unilateral sen terse reunido coas persoas afectadas primeiro.

É vital conservar as actuais prazas de Axentes Forestais e Medioambientais que existen en toda Galicia e nomeadamente neste distrito que pola súa amplitude e pola carga de traballo que se ten que realizar a diario.

É fundamental que se creen novas prazas para a realización do traballo por parellas, que implique unha mellora na seguridade, na eficacia e na calidade do desenvolvemento das tarefas tanto de carácter administrativo como as de carácter policial.

Denuncia tamén esta asociación APRAFOGA que mentres que na Consellería de Medio Rural se cobren con persoal interino todas as prazas tanto vacantes como non vacantes das que dispoñen na Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, non se convocan procesos de oposición para cubrir as actuais prazas vacantes e tampouco se cobren as mesmas con persoal interino.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario Mixto presenta as seguintes Preguntas para a súa resposta oral na Comisión 2.<sup>a</sup>:



1.- Que razóns ten a Xunta para amortizar 1 praza de axentes forestais e axentes facultativos medioambientais no Distrito XIII? Cantos efectivos ten este distrito? Parécelle que realizan con eficiencia, seguridade e eficacia as súas funcións cando van solos? Pensa a Xunta que non terían máis eficacia e seguridade se fosen por parellas? Como se cobren as baixas e as vacacións? Que pasa durante eses períodos no que un axente está de vacacións?

2.- Pensa a Xunta que ten algo que ver esa eliminación de praza no Distrito XIII coas 4 de nova creación no Parque Nacional das Illas Atlánticas? Por que non son estas 4 prazas de nova creación?

3.- Por que non cubre a Consellería de Medio Ambiente de xeito provisional as prazas vacantes no Distrito XIII con persoal interino? Parécelle a Xunta ben que este colectivo se ocupe da vixilancia e patrulla sen contar con máis reforzos? É tan pequena a Serra da Enciña da Lastra para que a poida cubrir un só efectivo? Como se garante a seguridade nestes casos?

4.- Vai convocar a Xunta de Galicia oposición ao corpo de axentes forestais e medioambientais facultativos? Cando? En que ano?

Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2019.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Deputado do G.P. Mixto.

**Asinado dixitalmente por:**

**David Rodríguez Estévez na data 03/07/2019 17:37:12**



## A MESA DO PARLAMENTO

**Davide Rodríguez Estévez**, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 7.<sup>a</sup>**, sobre a xestión dos residuos gandeiros na comarca de A Limia.

A Comarca da Limia está a padecer unha severa agresión pola xestión que na actualidade se fai dos residuos procedentes das explotacións de gandería intensiva, e máis particularmente as dedicadas a produción de porcino e avícola . Aínda que o artigo 2 da lei 22/2011 de 28 de xullo de residuos sólidos e solos contaminados exclúe segundo o disposto no apartado e), As materias fecais, palla e outro material natural, agrícola ou silvícola non perigoso utilizado en explotacións agrícolas e gandeiras mediante procedementos ou métodos que non poñan en perigo a saúde humana ou danen o medioambiente, **NON AMPARA EN ABSOLUTO** as prácticas que de forma rutinaria e xeneralizada estanse a aplicar na Comarca da Limia e que si supoñen un dano irreparable para o medioambiente e a saúde humana :

- Proceso de eutrofia acusada no Encoro das Conchas,
- Aumento constante dos niveis de concentración de Nitratos nas augas subterráneas.
- Afección irreversible o encoro de Faramontaus ( presa de Gudín ) non sendo apta na actualidade para abastecemento...
- Empobrecemento da biodiversidade.
- Degradación paisaxística da comarca



- Mala calidade do aire (cheiro constante a xurro).

Tamén o artigo 3 da Lei 10/2008 do 3 de novembro establece que quedan fora do seu ámbito de aplicación: Os residuos producidos nas explotacións agrícolas e gandeiras consistentes en materias fecais e outras sustancias naturais e non perigosas cando se utilicen no marco das explotacións agrarias.

Esta exclusión non ampara as aplicación incontroladas de xurro que se fan durante longos períodos do inverno sobre extensas superficies de mato ( toxo e xestas ) que baixo a escusa dun suposto abonado non persegue máis fin que o desprenderse do xurro en exceso motivado por saturar a comarca cunha carga gandeira irracional.

De igual xeito deixase fora de control e mírase cara outro lado en relación as condicións mínimas que deben gardar os depósitos de esterco ó aire libre ( sobre todo de galiña) que se observan durante o inverno/primavera en moitas parcelas e campos de cultivo e que poden ocasionar de forma evidente episodios de contaminación.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario Mixto presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7.<sup>a</sup>

Que medidas ten pensado aplicar a Xunta de Galicia na Comarca da Limia para reverter esta insostible situación?

Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2019.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Deputado do G.P. Mixto.





**Asinado dixitalmente por:**

**David Rodríguez Estévez na data 03/07/2019 18:38:22**





## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Vázquez Verao**, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral na **Comisión 5ª**.

A Lei 13/2018 de Servizos Sociais de Galicia atribúe á Xunta a competencia para levar a cabo o rexistro, autorización, acreditación, inspección e, se é o caso, sanción das entidades que desenvolven servizos sociais no territorio da Comunidade Autónoma.

A inspección pode desenvolverse de oficio, a instancia de outros órganos ou con motivo de queixas e informacións fundadas e organizarse conforme a un plan anual de inspección.

No informe de fiscalización sobre o sistema residencial para persoas maiores e dependentes en Galiza, con datos dende o ano 2010, publicado polo Consello de Contas en 2018, (*Informe de fiscalización do Gasto en atención residencial a persoas maiores e dependentes*), sinálase, a respecto da inspección, que “O Consello de Contas indica, a respecto dos escasos recursos para realizar as inspeccións, que “aínda que o número de centros a inspeccionar no período fiscalizado (2010-2016) se incrementou un 26%, ao longo deste período mantense a mesma estrutura interna e o mesmo número de efectivos: 1 posto de subdirector/a, 3 postos de xefaturas de servizo, 11 inspectores/as, 2 prazas de persoal de pedagogía, 1 praza de psicoloxía e 9 postos administrativos. Tendo en conta que con estes efectivos de persoal débense inspeccionar as áreas de familia e menores, maiores, discapacitados e dependencia, e inclusión social e servizos, non parece aconsellable que a Inspección de Servizos asuma tamén as funcións



que lle corresponden ao responsable do contrato como supervisor da correcta execución daquel.”

A Xunta anunciou que durante este verán de 2019 levará a cabo unha campaña de inspección coa finalidade de "garantir a calidade da atención" nos centros de atención a persoas maiores, indicando que se terán en conta 70 residencias de toda Galicia.

Polo exposto, a deputada que subscribe pregunta á Xunta de Galicia:

- Cal foi o último Plan de Inspección de Servizos Sociais aprobado pola Xunta antes de 2019?
- Cando se publicou o Plan de Inspección de Servizos Sociais 2019?
- Vai informar a Xunta do grao de execución e resultados dos plans de inspección de servizos sociais nos anos 2016, 2017 e 2018?
- Vai dar conta ao Parlamento a Xunta das inspeccións que se realicen no verán e das eventuais sancións que poidan derivarse das mesmas?
- Cal é o cadro de persoal actual nos servizos de inspección da Consellería de Política Social?
- Vai aumentar a Xunta os recursos da área de Inspección da Consellería de Política Social?
- Que actuacións de inspección dos servizos sociais se levaron a cabo no primeiro semestre de 2019?

Santiago de Compostela, 4 de xullo de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao





Deputada do G.P. Mixto.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 03/07/2019 19:46:47**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Vázquez Verao**, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral na **Comisión 4ª**.

A vila de Chantada contaba cun só hórreo no seu núcleo urbano, na Alameda, ao pé do casco histórico, na confluencia das rúas Carlos Gilberto Otero e Xoán XXIII.

Este hórreo, ben pertencente ao Patrimonio etnolóxico, foi destruído por unhas obras de vivendas.

O grupo municipal Por Chantada CUP preguntou no Pleno ordinario da Corporación de Chantada, o día 12 de novembro de 2018, sobre a cuestión, respondéndoselle dende o Goberno local que non constaba ningunha comunicación previa ou solicitude de licenza municipal para as obras que conduciron finalmente á demolición do hórreo situado na Alameda.

A carón do hórreo destruído situouse un cartel que anunciaba a obra da construción de vivendas, sen indicar licenza municipal que, como se demostrou posteriormente, non tiña.

O hórreo xa estaba destruído o 16 de novembro de 2018, sendo a construción tradicional desmontada e o terreo achaiado a nivel de rúa, téndose eliminado tamén o peche pétreo que rodeaba a parcela. Así, foi consumada unha agresión contra un ben patrimonial sen licenza municipal e ante a indiferenza de Concello e Xunta.

Os hórreos, como o citado, se foran construídos antes de 1901, como probablemente é o caso, son elementos considerados como Ben de Interese



Cultural, cun grao de protección que implica que non se poden realizar modificacións, traslados ou mesmo modificación da contorna.

A Lei 2/2016 de Patrimonio Cultural da Galiza no tocante ao “Bens que integran o Patrimonio etnolóxico”, establece que son obxecto de protección no seu artigo 93.3, entre outros, “os hórreos, os cruceiros, as cruces de mortos, as de termo e os petos das ánimas.”

No artigo da citada lei, establécese que os hórreos, que conforman o patrimonio etnolóxico, son “bens de interese cultural e quedan sometidos ao réxime xurídico previsto para ese tipo de bens nesta lei, sen necesidade da tramitación previa do procedemento previsto no seu título I, os hórreos, os cruceiros e os petos de ánimas dos que existan evidencias que poidan confirmar a súa construción con anterioridade a 1901. Non se poderá autorizar a construción de peches perimétricos, totais ou parciais, a partir dos seus soportes, nin a construción de edificacións ou instalacións acaroadas a eles que afecten os seus valores culturais. 2. Os hórreos, cruceiros e petos de ánimas cuxa antigüidade non poida ser determinada ou que fosen construídos con posterioridade á data sinalada no número 1 poderán ser declarados de interese cultural ou catalogados cando se lles recoñeza un especial valor cultural, principalmente etnolóxico. 3. As actuacións de conservación ou restauración de hórreos declarados de interese cultural ou catalogados realizaranse preferentemente utilizando os materiais e técnicas construtivas tradicionais que correspondan a cada tipoloxía. Nestas intervencións o tratamento e a utilización de material non tradicional deberá ser autorizado pola consellaría competente en materia de patrimonio cultural. 4. No caso de bens etnolóxicos desta natureza, e tendo en conta a súa tipoloxía e sistema construtivo, o movemento dentro do seu contorno de protección non se considerará un traslado para os efectos desta lei nin implicará unha necesaria modificación da súa delimitación, sempre que se garantan no proceso e no lugar definitivo a



significación e a interpretación dos seus valores culturais e que se conte coa autorización previa da consellaría competente en materia de patrimonio cultural.”

Aínda sendo o ben posterior a 1901, o hórreo tiña un interese cultural evidente, por ser a única construción tradicional desta tipoloxía presente no núcleo urbano de Chantada.

Así mesmo, o conxunto de hórreo e palleira que quedaban no entorno do casco histórico chantadés, poderían englobarse na definición de “lugar de valor etnolóxico: o ámbito no que permanecen testemuños relevantes e recoñecibles de actividades ou construcións vinculadas ás formas de vida e cultura tradicional do pobo galego que resulten de interese histórico, arquitectónico, arqueolóxico, etnolóxico ou antropolóxico”, que establece o artigo 10 da Lei de Patrimonio.

En todo caso, a actuación realizada é contraria a toda disciplina urbanística por non ter licenza municipal, documento que, en todo caso, non se podería conceder sen autorización de Patrimonio.

Por outra parte, o Concello non comunicou a Patrimonio a situación de perigo do ben cando tivo constancia nin realizou actuación algunha, tal como é a súa obriga.

Segundo establece o artigo 135 da Lei de Patrimonio, que regula a Reparación de danos:

“1. A resolución que imponha a sanción por infraccións tipificadas nesta lei das que deriven danos para o patrimonio cultural da Galiza comportará a obriga de restitución do ben ao seu debido estado, ou da emenda da alteración producida no seu contorno de protección, sempre que iso sexa posible. Esta obriga é imprescritible.

2. O incumprimento desta obriga de reparación de danos ou restitución das cousas ao seu debido estado facultará a consellaría competente en materia de patrimonio cultural para actuar de forma subsidiaria realizando as obras por si ou



a través das persoas físicas ou xurídicas que se determinen e á custa do obrigado ou obrigada, utilizando, se é o caso, a vía de constrinximento para reintegrarse do seu custo. O importe dos gastos poderá liquidarse de forma provisional e realizarse antes da execución, a reserva da liquidación definitiva.”

Polo exposto, a deputada que subscribe pregunta á Xunta de Galicia:

1. Que valoración fai a Xunta sobre a desaparición dun ben patrimonial en Chantada ante a inacción de Concello e Xunta?
2. Vai a Xunta iniciar de oficio algunha actuación das previstas na Lei 2/2016 de Patrimonio Cultural da Galiza, de cara a posibilitar a reparación do dano?
3. Vai trasladarlle ao Concello de Chantada que inicie un expediente de reposición da legalidade urbanística?
4. Cando vai desenvolver a Xunta o Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia e telo dispoñible na Rede?

Santiago de Compostela, 4 de xullo de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. Mixto.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 03/07/2019 19:57:07**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Vázquez Verao**, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión da CRTVG**.

O día 27 de xuño de 2019, a Plataforma veciñal Mina Touro-O Pino Non e Rede Contraminación presentaron un informe do experto Steven Emerman no que cualifica de "tolemia" e "posible maldición para as xeracións futuras" o proxecto para a mina de Touro-O Pino, indicando os riscos das balsas de lodos.

Sinalou, ademais, que **“en 6.000 páxinas do proxecto non hai ningunha consideración sobre estes conceptos; nin de inundación nin de terremoto”**.

O informativo Bos Días da TVG dedícalle (o 28 de xuño de 2019) á presentación deste informe 25 segundos, mentres que á opinión da empresa Cobre San Rafael, coa resposta a este informe, dedícalle varios minutos, cunha entrevista en directo ao seu Director de Investigación. No telexornal do día anterior (27 de xuño), a nova ocupou 33 segundos.

Polo exposto, a deputada que subscribe pregunta:

- Considera equitativo e respectuoso co principio de pluralidade informativa o tempo que se dedica á información sobre o informe de Steven Emerman, fronte ao que se dedica á resposta de Cobre San Rafael?

Santiago de Compostela, 4 de xullo de 2019.





Asdo.: Paula Vázquez Verao  
Deputada do G.P. Mixto.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 04/07/2019 10:30:38**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Vázquez Verao**, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral na **Comisión 8.<sup>a</sup>**

En maio de 2018 todos os grupos políticos do Parlamento de Galicia, a proposta de En Marea, aprobaron por unanimidade acometer de xeito urxente as obras de dragado do Porto Chico en Foz.

En Marea defendeu, ademais, no Parlamento que a Consellería do Mar presentara un proxecto, acompañado de cronograma e partidas orzamentarias, para acometer melloras integrais de calado e abrigo no Porto Chico de Foz.

Un ano despois, a Asociación A Ribeira de Foz denuncia que continúa sen novidades a respecto das melloras necesarias para o peirao de Tupide, en Foz.

A asociación citada presentara en maio de 2017 un plan de mellora para o Porto Chico diante da Consellería do Mar. Rosa Quintana, naquela altura, sinalara que se comprometeu a “estudar a posibilidade de mellorar a funcionalidade do porto deportivo de Portochico”.

Destas melloras, unicamente se impulsou dende Portos de Galicia o dragado e o acceso ao novo pantalán, agardando que se renove con urxencia o firme do pantalán vello.



O Porto Chico, ademais da dragaxe, precisa un cambio na súa configuración, para mellorar as condicións de abrigo e de seguridade.

A realidade do Porto Chico, ou peirao de Tupide, en Foz, que serve de porto deportivo, orixina múltiples prexuízos, pois as embarcacións instaladas no mesmo, que pagan as correspondentes taxas polo atraque, sofren estragos durante os temporais, optando mesmo por subir a terra as lanchas ou trasladalas ao porto pesqueiro.

En 2016, a Xunta foi interpelada polas previsións para dragar o peirao de Tupide e a resposta foi que non tiñan intención de facelo porque ningún colectivo o solicitara. Finalmente, rectificouse, porque a propia Asociación A Ribeira de Foz si solicitara estas melloras tan necesarias. Asemade, esta asociación ten presentado ante a Consellería do Mar unha proposta de actuacións de mellora do Porto Chico, consistente en modificar o espigón, cambiando a bocana de ubicación, de xeito que, ademais, melloraría a seguridade da praia de Tupide, pois actualmente as embarcacións acceden ao porto por diante da praia, con situacións de perigo para bañistas. Coa solución proposta por A Ribeira de Foz, a dársena quedaría protexida de temporais e correntes e impediríase a entrada de area, co calado perduraría. Estas melloras permitirían, ademais, un aumento das prazas de atraque, dende as 70 actuais a máis de 110.

A situación na que se atopa este peirao orixina múltiples prexuízos, pois as embarcacións instaladas no mesmo, que pagan as correspondentes taxas polo atraque, sofren estragos durante os temporais, optando mesmo por subir a terra as lanchas ou trasladalas ao porto pesqueiro. En resumo, que a infraestrutura non cumpre cos obxectivos para os que foi deseñada, malia as persoas usuarias pagar as taxas correspondentes mesmo cando non teñen o servizo.



O potencial de Foz a nivel náutico-deportivo e pesqueiro está lastrado pola falta de prazas de amarre e as continuas necesidades de dragado. No caso do Porto Chico hai dificultades para saír e entrar, hai posibles situacións de perigo cos e as bañistas de Tupide e hai demanda de máis prazas de atraque.

A Xunta afirmou nunha resposta parlamentaria que agardaba que “a ampliación de 40 prazas, destinadas a embarcacións de sétima lista” se daría “resposta ás necesidades existentes no municipio” de Foz”.

Polo exposto, a deputada que subscribe pregunta á Xunta de Galicia:

- Realizou a Consellería do Mar os estudos necesarios para acometer as melloras integrais no Portochico propostas pola Asociación A Ribeira de Foz?

- Cando vai impulsar a Xunta este estudo e estas melloras do Porto Chico?

- Ten a Xunta algún informe técnico sobre o estado das instalacións de Porto Chico?

- Vaise volver reunir a Conselleira do Mar con todos os colectivos afectados?

- Vaise aproveitar a presenza da draga en Ribadeo e Burela este ano para operar tamén en Foz?

- Non considera a Xunta que a modificación do espigón que propón a Asociación A Ribeira de Foz melloraría a seguridade de embarcacións e bañistas?

- Que lle vai facer a Xunta ante a demanda non atendida de prazas de atraque en Foz?



Santiago de Compostela, 4 de xullo de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao  
Deputada do G.P. Mixto

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 04/07/2019 19:05:59**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Quinteiro Araújo e Eva Solla Fernández**, deputadas do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.<sup>a</sup>**.

O avellentamento da sociedade leva consigo o incremento da carga do traballo de coidados, por razóns evidentes. Coidados, que son imprescindibles para a vida, pero que levan décadas sendo invisibles e desprezados.

A maior parte deste traballo reprodutivo é levado adiante por mulleres, xa sexa de maneira remunerada, a maior parte das veces de maneira precaria, ou ben sexa de maneira gratuíta nos fogares.

A desvalorización histórica deste traballo é un dos elementos que incide de maneira máis clara á hora de perpetuar unhas condicións inxustas no seu exercicio. O persoal das residencias de maiores leva tempo denunciando as condicións precarias nas que traballan. Os salarios son baixos e os descansos insuficientes.

A elevada carga de traballo pola falta de persoal, ten repercusións negativas para as propias traballadoras, pero tamén para as persoas usuarias, que en moitas ocasións ven alterados os seus horarios, por exemplo, nos aseos e nas comidas.

Ademais, en ocasións, estanse incorporando persoas con problemas de saúde mental sen a dotación de unidades específicas e sen aumentar o persoal, algo que incrementa os problemas.





A falla de recursos para atender os coidados é evidente. Polo de agora estamos moi lonxe de cumprir coas recomendacións da OMS en canto ao número de residencias de maiores recomendadas en función do número de habitantes maiores de 65 anos.

A Xunta de Galicia anunciou, a través do propio Presidente, no ano 2017, a construción de sete novas residencias nas cidades antes do ano 2020, que ofertarían 900 novas prazas, e que suporían máis de 47 millóns de inversión, pero polo momento estas declaracións só quedaron en anuncios.

De feito, cada vez é máis frecuente que a administración externalice estes servizos a empresas privadas que ganan enormes beneficios. A situación do traballo e a atención nestas é peor, porque o número de persoal é menor en relación ao número de residentes, que nas xestionadas directamente dende o ámbito público.

A aposta pola privatización é clara. En vez de incrementar as prazas públicas, o goberno impulsou o bono autonomía que favorece, de novo, a derivación á privada.

Recentemente, a Xunta de Galicia vén de anunciar que desenvolverá unha campaña de inspección para "garantir a calidade da atención" das residencias de maiores. Cremos que é moi preocupante que recoñezan de maneira indirecta que ata o de agora non fixeron esa labor de control e vixilancia.

O persoal de diversas residencias estase mobilizando, novamente, para denunciar estas condicións abusivas, con xornadas excesivas. Fai falta unha estratexia, a medio e longo prazo, para que os coidados se garantan para todas as persoas que o precisan dende o ámbito público.





Por todo o anteriormente exposto, preséntanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.<sup>a</sup>) Ata cando vai manter o Goberno galego unhas ratios que conlevan unha excesiva carga de traballo para as traballadoras?
- 2.<sup>a</sup>) Está mediando nalgún dos conflitos abertos nas empresas que xestionan as residencias de maiores para mellorar as condicións laborais das traballadoras?
- 3.<sup>a</sup>) De que maneira desenvolveu ata o de agora inspeccións nas residencias de maiores para garantir a calidade na atención e o respecto aos dereitos das traballadoras?
- 4.<sup>a</sup>) Ten pensada algunha medida para incrementar o persoal ou dotar de unidades específicas ás residencias onde se incorporan residentes con problemas de saúde mental?

Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2019.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Eva Solla Fernández

Deputadas do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**







**Paula Quinteiro Araújo na data 03/07/2019 10:28:02**

**Eva Solla Fernández na data 03/07/2019 10:28:19**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Eva Solla Fernández**, deputada do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral na Comisión 5.<sup>a</sup>**, relativa á prevención da transmisión do VIH e de outras ITS.

A prevención da transmisión das infeccións de transmisión sexual forma parte das obrigas do Servizo Galego de Saúde en materia de saúde comunitaria e pública.

Nos últimos tempos diversos países, incluído España, están adoptando pautas en relación á prevención preexposición do VIH ao través do tratamento farmacolóxico co antirretroviral emtricitabina/tenofovir.

O Ministerio de Sanidade ten emitido unha serie de recomendacións en relación ao uso de este medicamento no marco do Plan Nacional contra o Sida, polo que resta saber como se adaptan nas diferentes Comunidades Autónomas.

Sen embargo, a profilaxe medicamentosa do VIH non protexe coma é obvio do resto de contaxio de ITS, polo que é razoable a preocupación en torno ao abandono do uso de preservativos nas persoas ás que se lle poidan prescribir dito tratamento.

Paralelamente, os casos de ITS se multiplican de xeito alarmante en España. Un 26,3% con carácter xeral entre 2013 e 2017, froito en grande medida da relaxación no uso do preservativo nas relacións sexuais. Sendo especialmente a gonorreia a que máis ascende, sobre todo entre as persoas mozas de 20 a 24 anos.

Ante esta situación, presentanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:





- 1.- Estanse a prescribir xa en Galicia tratamentos preventivos en relación ao VIH con emtricitabina/tenofovir? ¿Cales están a ser os criterios?
- 2.- Vaise elaborar algunha guía clínica da Consellería de Sanidade?
- 3.- Vai tomar a Xunta medidas de carácter extraordinario en relación ao incremento da transmisión das ITS?
- 4.- Baralla a Xunta de Galicia poñer en marcha un estudo para o posible financiamento de medios profilácticos contra as ITS?
- 5.- Baralla a Xunta a necesidade de ofertar probas rutineiras de despistaxe de outras ITS que non sexan o VIH-SIDA?

Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**





**Eva Solla Fernández na data 03/07/2019 13:29:35**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Montserrat Prado Cores**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**.

A loita contra o lume é unha das tarefas de maior responsabilidade e complicación na que teñen que colaborar todas as institucións galegas, especialmente a Xunta de Galiza pola súa capacidade económica e os concellos por seren o organismo máis achegado á cidadanía e mellor coñecedor do seu propio territorio.

Se ben os concellos galegos teñen responsabilidades na loita contra o lume é fundamental que para facelo teñan dispoñíbeis os medios adecuados, para o que a Xunta debe dotalos en aras das súas responsabilidades legais e máis aínda tendo en conta as limitacións orzamentarias e de gasto que teñen as entidades locais. Porén, a Xunta de Galiza practica unha política de sectarismo, escurantismo e arbitrariedade na asignación destes medios.

Un dos casos máis escandalosos dos que o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego tivo coñecemento é o do Concello da Rúa. Máis de 4 anos reclamando unha nova motobomba despois de que a que tivo conveniada máis de 17 tivera un accidente durante unha tarefa de extinción.

O 26 de maio de 2018 o BNG acadaba por unanimidade un acordo na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes. Porén, a día de hoxe continúa





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

incumprido malia que no verán de 2018 a Xunta de Galiza seguiu adxudicando medios a diferentes concellos sen clarificar cales eran os seus criterios de distribución. Esta situación é de todo punto de vista inaceptábel e por estes motivos o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presentou preguntas en comisión ao señor Fernández Couto, Director Xeral de Montes. No transcurso desa comisión o máximo responsábel do goberno galego non concreto se ían ou non dotar o Concello, porén si o confirmou a nota de prensa emitida pola Xunta de Galiza ese mesmo día (04/07/2019) na que titulaba “A Consellería do Medio Rural cederá unha motobomba ao concello ourensán da Rúa”.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

Ten pensado o goberno galego cumprir coa súa palabra e dotar o Concello da Rúa dunha motobomba coas características solicitadas por esta administración local?

Pode demostrar máis que verbalmente que estaba en condicións de uso a motobomba que ofrecera anteriormente ao Concello e despois usou, presuntamente, o Concello de Parada de Sil? Canto custou o arranxo? Quen o asumiu?

Considera o goberno galego que cumpre cos seus propios obxectivos nas actuacións levadas a cabo para a dotación de recursos do distrito XIII?

Cales son as razóns do goberno galego para discriminar o concello da Rúa no reparto de medios para a loita contra o lume?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por que, malia ser un concello pertencente a un dos distritos con máis risco de incendio, o goberno galego non leva a cabo as actuacións precisas para reforzalo cunha motobomba?

Considera o goberno galego que non é prioritario que o segundo concello máis poboado do distrito XIII dispoña dunha motobomba de reforzo?

Cales foron as motivacións para que o goberno galego inicialmente aducira que non habería vehículos motobomba para os concellos e que despois non se estenderan a aqueles que os demandaban?

Que medidas vai adoptar o goberno galego para corrixir esta situación?

Santiago de Compostela, 5 de xullo de 2019

**Asdo.: Noa Presas Bergantiños**

**Luis Bará Torres**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Noa Presas Bergantiños na data 05/07/2019 13:18:41**

**Xosé Luis Bará Torres na data 05/07/2019 13:18:50**

**María Montserrat Prado Cores na data 05/07/2019 13:18:55**

**Olalla Rodil Fernández na data 05/07/2019 13:19:02**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 05/07/2019 13:19:11**

**Ana Pontón Mondelo na data 05/07/2019 13:19:19**





## Á MESA DO PARLAMENTO

**Marcos Cal Ogando**, deputado do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, sobre a realización de soltas de cuxas no termo municipal de Valga.

Cada ano o Concello de Valga solicita autorización para a realización dunha solta de cuxas e unha capea informal por parte de persoas sen ningún adestramento taurino previo, subsidiando con milleiros de euros unha práctica que humilla, vexa e provoca un sufrimento aos animais, que posteriormente son sacrificados para a venda de carne.

Na súa última edición vétese a presenza de menores de 12 anos conforme á Lei de Espectáculos Públicos de Galicia, amosando que estas prácticas non son axeitadas para a infancia e mesmo que esta convocatoria faise baixo unha suposta “Festa da Xuventude”.

Os mal chamados festexos taurinos menores dispoñen dunha menor protección normativa, incluso menos que no caso das touradas, e non se ten coñecemento de tarefas de inspección por parte da Garda Civil ou da Policía Autonómica, corpo delegado de xeito habitual en materia de espectáculos públicos.

Polo exposto, preséntanse as seguintes preguntas:

- Que opinión lle merece á Xunta a humillación, vexación e maltrato de animais de tan só dous anos de idade nun evento público?
- Pensa o Goberno tomar algunha medida para impedir a realización destes festexos cruentos cos animais?





- É consciente a Xunta de que está a facilitar o maltrato animal como forma de ocio nuns poucos municipios como Pontevedra ou Valga?
- Certificou a Xunta a presenza dun quirófano portátil ou dunha ambulancia tipo UVI no espazo onde se realizaba a actividade en Valga?

Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2019.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Deputado do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Marcos Cal Ogando na data 05/07/2019 11:21:05**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda**, deputadas do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4.<sup>a</sup>**, sobre a perda de emprego de 34 investigadoras en Galicia.

O programa I2C da Xunta é un dos programas de referencia para a captación e retención de talento científico en Galicia. Cun orzamento de 8,5 millóns de euros, ofrece a posibilidade de que as universidades galegas contraten persoal investigador de alto nivel, na súa etapa posdoutoral, despois de que pasaran durante dous anos por centros de investigación de prestixio noutros países.

Despois de tres anos (Modalidade A), os investigadores e investigadoras teñen a posibilidade de renovar a súa vinculación coas universidades galegas durante outros dous anos (Modalidade B), un proceso para o que a Xunta debe publicar unha convocatoria competitiva. Porén, a falta de previsión e un enorme atraso nesa publicación por parte da Consellería de Educación, vén de deixar no paro e nunha situación de grande incerteza a 34 investigadores e investigadoras.

34 investigadores e investigadoras de primeiro nivel contratados polas universidades galegas que veñen de quedar no paro.

A Consellería de Educación publicou hai dúas semanas a convocatoria que debe permitir a renovación por dous anos da vinculación aos seus actuais centros de investigación. Porén, este proceso, que debería ter comezado hai meses, non se resolverá no mellor dos casos ata o 1 de decembro. É dicir, no mellor dos casos votarán cinco meses no paro.





Mentres, a súa participación e numerosos proxectos de investigación está paralizada, e tampouco poderán dar clases durante o primeiro semestre do vindeiro curso. Un novo obstáculo para a súa futura estabilización xa que é un requisito indispensable ter horas de docencia acumulada para conseguir unha praza na Universidade

Ante esta situación varios destes e destas investigadoras están procurando unha saída noutras comunidades ou noutros países e alertan da "fuga de cerebros e de talento" que se pode producir por mor do atraso da Xunta.

Os investigadores e investigadoras afectadas esixen "unha solución para a súa situación ata que se publique a resolución da adxudicación das novas axudas correspondentes á Modalidade B". E sinalan que esta medida "non supón un gasto adicional para a Xunta, xa que queda diñeiro orzado na convocatoria do 2016 sen gastar debido a desvinculación de 15 investigadores do programa", unha cantidade "máis que suficiente para cubrir estes contratos até a resolución da Modalidade B", din.

Por todo o exposto, preséntanse as seguintes preguntas:

- 1.ª) Como explica o goberno este enorme e gravoso retraso?
- 2.ª) Ten pensado ofrecer algunha solución ás investigadoras que veñen de quedar na rúa?

Santiago de Compostela, 4 de xullo de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez  
Ánxeles Cuña Bóveda  
Deputadas do G.P. de En Marea.





**Asinado dixitalmente por:**

**Luca Chao Pérez na data 05/07/2019 13:46:42**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 05/07/2019 13:46:59**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**.

A política debe anticiparse ós problemas, é dicir, arbitrar solucións ós problemas que se anuncian. A área metropolitana da Coruña hai tempo que anuncia a necesidade de articular viariamente o seu espazo.

O crecemento urbanístico sen deseño nin proxecto coherente e a rede viaria insuficiente e caótica anuncian un serio problema de comunicacións se non se lle pon remedio.

Así se escenifica en xullo de 2004 nun encontro onde están presentes, entre outros, o actual presidente da Xunta, e os alcaldes de Oleiros, Culleredo e Abegondo. Tamén estaban os que no seu momento eran alcaldes da Coruña, Arteixo e Cambre.

O 20 de Setembro de 2004, sendo Conselleiro de Política Territorial o Sr. Feijóo e director o Sr. Agustín Hernández, publícase no DOGA, a resolución de 9 de setembro: “Pola que se fai publico o acordo do Consello da Xunta de Galicia pola que se aproba definitivamente o Plan Sectorial da rede viaria da Coruña, Arteixo, Culleredo, Cambre, Oleiros, Sada e Bergondo).”





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

O Plan Sectorial nace coa premisa de ser algo máis ca un Plan de Infraestruturas da rede viaria. Para isto define determinacións de Política de Intervención Territorial que comprometen ós documentos que o desenvolven.

Entre estas determinacións destacamos as seguintes:

- **POTENCIACIÓN DA ACTIVIDADE COMERCIAL:**

“Mellora da accesibilidade intrazonal que actúa como elemento potenciador da actividade comercial.

- **MAIOR EQUILIBRIO TERRITORIAL E COHESIÓN SOCIAL.**

“Dotación duns niveis mínimos de accesibilidade para as zonas rurais e urbanas máis desfavorecidas, de forma que se estableza un maior Equilibrio Territorial e Cohesión Sociais”.

- **LIBERALIZACION DE PEAXE.**

“Para potenciar a penetración polas vías de alta capacidade como a AP.9 ou a A.55 considérase necesaria a Liberalización da Peaxe nos tramos da área de estudo. Á súa vez a permeabilización da Autopista do Atlántico a través de novos enlaces dotaría dunha maior accesibilidade a zonas como o aeroporto de Alvedro ou á ria do Burgo. En concreto se prantexa realizar un enlace na Corbeira, na área de Servizo do Burgo, mellorar o enlace de A Barcala e Completar o enlace en Catro Camiños (libre de peaxe).

No acordo de Aprobación Definitiva do Plan Sectorial, posto que en Cambre non estaba definido o trazado, tómase a decisión de que sexa o propio Concello o que redacte a proposta de trazado neste tramo.



Literalmente di: “1.4. Deixase en suspenso o trazado do treito da vía 13 conexión A9/A6/N-VI (Cambre Oleiros) comprendido entre a estrada AC-221 (acceso ao polígono de Cambre) e a A6. o Planeamento de Cambre deberá incluír unha solución que una o polígono de Cambre coa A6, con características VR-80 entre o polígono e a AP-9 e, con características de C-80 e accesos controlados entre AP-9 e a A6.

En febreiro de 2006 o concello de Cambre redacta un proxecto de acordo axustado ás esixencias do Plan Sectorial no apartado 1.4 mencionado anteriormente.

A Xunta de Galicia aproba provisionalmente o proxecto de trazado con variacións substanciais que non se axustan nin ó aprobado en pleno polo concello de Cambre nin ó Plan Sectorial:

- A conexión coa AP-9, non contempla o nó de Catro Camiños con peaxe libre en todas as direccións.
- Se incorpora unha pata de conexión coa AP.9, na posición do lugar de Armental, con área de peaxe.
- O tramo entre a AP-9 e a A-6 defínese con características de VR-100 e non de C-80, tal e como estaba previsto.
- Non se realiza o nó previsto en Bribes.

O 23 de Abril de 2009 a Xunta de Galicia acorda a aprobación definitiva do proxecto de trazado, sen atender as alegacións e a pesares de que o documento non se axusta ás determinacións descritas e previstas no Plan Sectorial Viario. A escusa, naquel momento é que Fomento non permite a conexión libre de peaxe.







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

O 19 de Maio do 2009 o Concello de Cambre, ó non recibir xustificacións polo rexeitamento das alegacións presentadas e a absoluta desconsideración ás mesmas, presenta un Recurso de Reposición, que a día de hoxe, xuño de 2019 continúa sen resposta, 10 anos despois.

Transcorridas un cento máis de vicisitudes, reunións, mocións no concello, acordos dos alcaldes da área metropolitana, iniciativas parlamentarias... a fins de febreiro do presente ano 2019 presentáronse oficialmente as obras do novo tramo da Vía Ártabra. Sacaron a licitación o tramo entre a Nacional VI e a AP9 por arredor de 40 millóns de euros e cun prazo de execución de 36 meses. A presentación de ofertas finalizou o 1 de abril pasado e todo ven indicar que as obras comezarán no verán.

O goberno galego decide facelo en 2 fases:

-O tramo entre a N.VI e a AC221 de 3kms máis o enlace co polígono do Espíritu Santo de 1km.

-Un modificado entre a AC221 e a AP9 á espera da autorización do Ministerio de Fomento.

Estas dúas fases por 35,49millóns de euros ós que habería que sumar 1,5ME en expropiacións, 1,84ME por servizos afectados e 1,5ME en actuacións sobre instalacións e servizos da AP9.

Segundo os estudos de densidades de tráfico, de todo o tránsito captado pola Vía Ártabra entre a N VI e a AP9 tan só 1/3 provén do tramo anterior da Vía polo que se deduce que a captación maioritaria procedería da N VI. Por tanto, tráfico canalizados pola N.VI cara á cidade da Coruña serán transferidos á AP 9 a través da vía Ártabra e tamén do vial 18.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Óptase así por facer da N.VI case unha vía urbana facendo máis beneficioso optimizar o aproveitamento do corredor que suporía a AP9 coma vía de alta capacidade en tránsito e en cobro porque as peaxes seguen vixentes.

Óptase pois polo enlace da Gándara que é máis custoso, menos lóxico e a pesar das xustificacións aparecidas na DIA altera un humidal, coma o topónimo indica, de grande interese para esta área metropolitana, ademais doutros bens de interese cultural.

A lóxica utilizada no Plan Sectorial aprobado en setembro de 2004 optaría por un trazado en malla que articulase a área metropolitana diminuindo a densidade de tráfico na cidade e causando o menor impacto medioambiental.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

--Segundo os estudos de densidades de tráfico a captación maioritaria faríase da NVI que sería transferida á AP9 por medio da vía Ártabra. É esta a razón de máis peso para que o goberno galego opte polo enlace da Gándara e facerlle así un novo agasallo a Audasa coa peaxe contravindo os acordos do Plan Sectorial?

--As obras licitadas ata hoxe contemplan un tramo incompleto porque falta a autorización de Fomento e acordo con Audasa. Pode un goberno serio iniciar obras desta magnitude que serían inútiles de non conseguiren a autorización de Fomento e o acordo con Audasa?

--Poden licitárense as obras dun tramo sen estar especificado o tramo de enlace da AP9 coa NVI ?





OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

--Cal é a razón pola que comezan ó contrario?

--A Gándara está catalogada coma Habitat Prioritario Comunitario, e zona tampón do LIC Encoro de Cecebre. Se non ten importancia coma tal cal é a razón pola que non se descataloga?

--Cales son as razóns que levan ó goberno galego a non responder neste prazo de dez anos longos ó recurso de Reposición contra o trazado que enlaza na Gándara ?

--Cal é a razón pola que a área metropolitana de A Coruña é discriminada a respecto das outras tres cidades galegas "afectadas" pola AP9 e grávase a articulación viaria coa peaxe dunha vía que pasaría a ser a entrada principal na cidade?

Santiago de Compostela, 5 de xullo de 2019

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Montserrat Prado Cores**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Xose Luis Rivas Cruz na data 05/07/2019 13:44:05**

**Xosé Luis Bará Torres na data 05/07/2019 13:44:17**

**María Montserrat Prado Cores na data 05/07/2019 13:44:27**

**Noa Presas Bergantiños na data 05/07/2019 13:44:36**

**Olalla Rodil Fernández na data 05/07/2019 13:44:44**

**Ana Pontón Mondelo na data 05/07/2019 13:44:51**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Flora Miranda Pena e Paula Quinteiro Araújo**, deputadas do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8.<sup>a</sup>**, relativa ao seguimento das obras do porto de Malpica.

O pasado 22 de febreiro aprobábanse por unanimidade dúas proposicións non de lei acumuladas e defendidas na Comisión oitava polo Partido Socialista de Galicia e por nós mesmas, En Marea, instando á Xunta de Galicia e á Consellería do Mar a mellorar a seguridade no Porto de Malpica.

Nese mesmo porto, meses antes, o 20 de decembro, tivera lugar o trágico suceso que cobrara a vida de José Ángel Sanjurjo Láuzara, patrón do Silvosa, durante unha manobra rutineira: metendo o seu barco na dársena do porto de Malpica ante unha corrente significativa.

A Confraría, os mariñeiros e un informe experto identificaban problemas de seguridade nese porto:

- A entrada á dársena foi deseñada de modo que as comportas forman a cotío correntes perigosas especialmente entre novembro e febreiro e na baixamar.
- En ocasións é necesaria a descarga de peixe noutras localizacións para evitar estas correntes.
- É preciso pactar os horarios de apertura de comportas e limitar a 8,90 m de manga os barcos que operan nesa dársena por falta de calado.
- Resulta insuficiente a protección que ofrece o espigón, e os muros xeran contracorrentes.





-Faise necesario eliminar o escalón existente baixo a comporta da dársena, e proceder ao dragado da dársena.

-É preciso mellorar a iluminación da comporta e regular os fondeadoiros das embarcacións da sétima lista.

-A medio prazo, hai que aumentar o espigón e dique de abrigo do porto, tal como recomendan os técnicos.

Despois da aprobación da Proposición non de lei incluíndo esas melloras, hai máis de catro meses, descoñécese cal é o grao de concreción ou programación das intervencións acordadas, así como o compromiso orzamentario.

O único que transcendeu de Portos de Galicia, a entidade encargada da cuestión, foi o acometemento dunha serie de obras de mantemento no Porto consistentes na reparación do peirao, repoñendo algúns elementos desprendidos e o firme da área de descarga fronte á lonxa.

Tendo en conta a relevancia das intervencións acordadas para a seguridade dos mariñeiros de Malpica, as deputadas Flora Miranda Pena e Paula Quinteiro Araújo, formulan as seguintes preguntas:

- 1.<sup>a</sup>) Cal é o orzamento para acometer as melloras necesarias no porto de Malpica?
- 2.<sup>a</sup>) Cales son os prazos de execución das obras e cando é previsible que estas comecen e rematen, tal como se instaba na aprobación da Proposición non de lei do 22 de febreiro na Comisión de Pesca do Parlamento de Galicia?

Santiago de Compostela, 5 de xullo de 2019.

Asdo.: Flora Miranda Pena

Paula Quinteiro Araújo





Deputadas do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Flora María Miranda Pena na data 05/07/2019 15:36:15**

**Paula Quinteiro Araújo na data 05/07/2019 15:36:26**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Flora Miranda Pena e Paula Quinteiro Araújo**, deputadas do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.<sup>a</sup>**.

Recentemente puidemos ver varios anuncios a páxina completa en diversos medios da prensa escrita galega sobre actuacións a desenvolver polo Servizo Galego de Saúde no contorno da Atención Primaria.

Nestes anuncios podíanse ler expresións autopropagandísticas como:

“A nosa sanidade pública é agora máis cercana. Agora os avances tecnolóxicos permiten conectar centros sanitarios cos domicilios dos pacientes crónicos para mellorar a súa saúde e evitarlles traslados innecesarios. Máxima comodidade do paciente crónico”.

“En marcha o Plan Galego de Atención Primaria. Grazas aos esforzos dos profesionais e a coordinación entre eles, as institucións e a cidadanía, estamos a construír a Atención Primaria do futuro da nosa sanidade pública...En marcha a mellora da relación cos pacientes e a comunidade...”

Neses mesmos medios, sen mudar de xornal nin de día, podíamos ler simultaneamente sobre:

- Listas de agarda de ata vinte días nos centros de saúde de O Rosal, A Guarda e As Neves
- Situación de precariedade do seu punto de atención continuada cun só equipo asistencial para as urxencias







- Ausencia de pediatra nas Neves con derivacións á Cañiza,
- Ausencia non substituída de tres médic@s no centro de saúde de Viveiro na quenda de mañá e situación asistencial caótica durante un festival de música que congrega milleiros de persoas,
- Publícase o manifesto denunciando a precariedade nas profesionais de enfermaría,
- Entrevista a un médico de familia (como tantos outros) que sobrepasaba os 60 pacientes atendidos nunha mañá,
- Declaracións da Directora Xeral de Recursos Humanos recoñecendo na comisión de Sanidade do Parlamento que durante a mal chamada crise o SERGAS fomentou a eventualidade profesional e que “non sempre hai contratación fraudulenta na concatenación de contratos”.

Estas últimas noticias son as que podíamos ver tal día coma hoxe cun breve e moi superficial repaso á prensa. Somos coñecedoras de que a realidade supera con creces o que describen os titulares: Pacs infradotados, profesionais en pé de guerra, o rural desabastecido de pediatras, consultas de atención primaria saturadísimas, contratación eventual e precaria de profesionais de enfermaría e doutras categorías, médicas e médicos de familia atendendo emerxencias fora dos concellos que teñen asignados (e no vehículo propio), recortes en profesionais de categorías non carenciadas, mobiliarios vergoñentos, material funxible de calidade minguante, dificultade para as derivacións hospitalares, servizos de urxencias saturados (en consecuencia), listas de agarda inasumibles... En definitiva: persoas enfermas ante un contexto de saturación asistencial, perda de calidade e de accesibilidade e restrición grave de tempos para a atención.

Fronte a esta realidade, autopropaganda institucional financiada con cartos públicos, pintando unha realidade que nada ten que ver coa dos centros sanitarios públicos.





Os e as pacientes crónicas precisan, para a súa “comodidade”, profesionais dispoñibles, accesibles e non saturados que podan exercer con dignidade a súa atención sanitaria.

Efectivamente unha cousa é certa na propaganda institucional: o relativo ao esforzo profesional. Mais non debe ser este o único elemento que sosteña a atención en ausencia de políticas de xestión eficientes e respectuosas coas persoas enfermas e as traballadoras.

As campañas informativas, de seren necesarias, deben procurar a prevención e promoción da saúde nas persoas, o uso racional dos recursos e o empoderamento das persoas no manexo da súa saúde.

Por ese motivo, as deputadas asinantes presentan as seguintes preguntas:

-Cal foi o custo económico, os medios empregados e a intencionalidade práctica da citada campaña de autopropaganda do Servizo Galego de Saúde nalgúns medios de prensa escrita?

-Valoraron investir eses cartos en campañas para fomentar a educación sanitaria da poboación, a prevención e a promoción da saúde, o fomento da autoxestión ante problemas de saúde, o coñecemento non propagandístico dos recursos sanitarios e o uso racional e optimizado dos mesmos?

Santiago de Compostela, 4 de xullo de 2019.

Asdo.: Florar Miranda Pena

Paula Quinteiro Araújo

Deputadas do G.P. de En Marea





**Asinado dixitalmente por:**

**Flora María Miranda Pena na data 05/07/2019 15:49:02**

**Paula Quinteiro Araújo na data 05/07/2019 15:49:15**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz e Montserrat Prado Cores**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**.

O pasado luns 8 de xullo un grupo de arredor de 150 camións afectados pola minoración produtiva da Central Térmica de As Pontes iniciaron unha caravana ao longo de Galiza e con posterior rumbo a Madrid, onde teñen previsto esixir unha reunión co Ministerio de Transición Ecolóxica para tratar esta situación.

A xuízo do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego este é un síntoma máis dunha situación que comeza a ser preocupante en toda a comarca de Ferrolterra. Estamos a falar de máis de cen postos de traballo, persoas autónomas e pequenas empresas, que ben en perigo o mantemento da súa actividade despois de levar arredor de dous meses sen o ritmo habitual. As fontes de Enel-Endesa aseveran que é unha cuestión conxuntural. Se ben é certo que factores como o prezo do lignito están a influír negativamente en centrais alén das nosas fronteiras, como é o caso alemán, tamén é certo que o historial de incumprimentos e de escurantismo por parte da empresa fan saltar todas as alertas. Cómpre recordar, por exemplo, o acontecido co convenio colectivo e a derivada da perda de dereitos laborais que foran conquistados polos traballadores e traballadoras en materia de beneficios sociais, agora mesmo en disputa.



Así mesmo, unha década de falta de política industrial por parte da Xunta de Galiza, que se limitou a enfrontar os retos da modernización enerxética e a descarbonización a golpe de titulares no lugar de deseñar unha planificación a medio e longo prazo beneficiosa para o noso país, sumado á errática política do Partido Socialista, que leva meses prometendo un Estatuto de electrointensivas que non chega e que afonda na crise da industria galega e, polo tanto, na súa demanda de enerxía, non axudan.

Desde o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego entendemos que a Xunta de Galiza, con competencias en planificación económica, non pode permanecer allea a esta situación. Cómpre lembrar que estamos a falar dun cinto industrial do país afectado por diversos conflitos como Poligal ou Alcoa aos que agora se suma a incerteza da situación da Central Térmica das Pontes. É necesario que a Xunta de Galiza impulse as accións precisas para que esta situación se resolva de forma satisfactoria.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

Que actuacións levou a cabo a Xunta de Galiza diante da redución de actividade da Central Térmica das Pontes e as súas repercusións no sector auxiliar?

Coñece o goberno galego as mobilizacións dos traballadores do transporte? Tense reunido con eles? Ten asumido as súas demandas? Tense dirixido ao goberno central?

Ten planificado o goberno galego o impulso dunha mesa de diálogo coa dirección de Enel-Endesa para esixir que se aclare a situación pola que atravesamos a





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Central e cales son as perspectivas para os próximos meses? Cales son as razóns ou conclusións?

Ten planificado o goberno galego desenvolver unha planificación propia de modelo enerxético que garanta unha modernización e descarbonización ordenada?

Que diálogo ten ou vai ter o goberno galego cos axentes sociais e políticos diante desta situación?

Que demandas sobre a materia ten trasladado ao goberno central?

Santiago de Compostela, 9 de xullo de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Luis Bará Torres**

**Olalla Rodil Fernández**

**Montserrat Prado Cores**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 09/07/2019 10:35:41**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Xosé Luis Bará Torres na data 09/07/2019 10:35:52**

**María Montserrat Prado Cores na data 09/07/2019 10:35:57**

**Olalla Rodil Fernández na data 09/07/2019 10:36:04**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 09/07/2019 10:36:12**

**Ana Pontón Mondelo na data 09/07/2019 10:36:20**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Antón Sánchez García**, deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.<sup>a</sup>**, sobre as políticas de decrecemento da Xunta en materia de vivendas protexidas.

A pésima situación de Galiza no ranking de creación de vivenda de promoción pública é outra das mostras da falla de compromiso da Xunta de Feijóo coas políticas públicas, que benefician sempre aos sectores sociais máis desfavorecidos e vulnerábeis, con menores ingresos e situacións económicas difíciles. A administración galega estase a caracterizar por favorecer a especulación no terreo da vivenda, o negocio de fondos voitre e o comercio cun ben que debería estar protexido e lonxe do seu tratamento como unha mercadoría. Pola contra, a última das súas metas é procurar unha vivenda digna aos galegos e ás galegas e á mocidade que quer emprender os seus proxectos de futuro.

A tónica da Xunta é aprofundar o camiño da desregulación e alimentar a cadea privatizadora en materia de vivenda até reducir ao ridículo a creación de vivenda protexida como sucedeu no ano 2018. Por non falar do parco avance na ampliación do parque de vivenda pública en alugueiro.

En anteriores iniciativas parlamentares, poñíamos de releve os datos do Instituto Nacional de Estatística do primeiro semestre de 2018, onde aparecía Galiza entre os últimos postos en vivenda protexida, só adiantada por Canarias e Baleares. A estatística de transmisión de vivenda de protección no territorio galego arroxaba







unha porcentaxe dun 4,78%, nada que ver coas porcentaxe doutras CC.AA como Asturias ou Castela León por poñer uns exemplos.

A porcentaxe tan baixa de transmisión de vivenda de protección obedece ás intencionadas políticas de desincentivación da Xunta do PP, cuxa aposta se sitúa ás claras no impulso da iniciativa privada e do negocio de grandes tenedores de vivendas en detrimento da aposta por un parque de vivendas sociais públicas. Forma parte do corpus ideolóxico de Feijóo que a vivenda sexa tratada como unha mercadoría coa que comerciar, como un produto de mercado en mans dos depredadores do momento e non como un ben protexido.

Xa o indicabamos en anteriores ocasións e para mostra un botón: no período 2015-2016 iniciáronse 5 vivendas o primeiro ano e 4 o segundo, o que supón o 0,30% e 0,19% cando a media do Estado se situaba nun 10,49% en un 10,48% neses anos.

Sen esquecer que en 2017 volveron incrementarse os desafiuzamentos sen que existan alternativas sociais.

Se imos ao contexto global, cabe indicar que o Estado español en termos xerais non destaca pola creación de vivendas protexidas e está moi lonxe do que se fai en Europa. Dentro desa regresión, Galiza lévase a palma posto que está entre as peores.

A nivel estatal, en setembro de 2018 entregáronse 2.504 vivendas protexidas en venda e alugueiro. A final de 2018, calculábase que non pasarían das 3.500 vivendas. O sector público da vivenda no Estado español ten un papel testemuñal ao carón do sector privado. Se entramos aos datos polo miúdo e por territorios autonómicos, veremos que en Galiza no 2018 entregáronse 8 vivendas protexidas, namentres no País Vasco foron 452 e en Catalunya 378. Un territorio máis pequeno como Asturias acadou a cifra de 26 vivendas.





En dez anos, de 2008 a 2018, destruíuse de forma devastadora o eido da vivenda protexida que en 2008 acadou no Estado español cifras de 63.292 inmóbeis. En todas as estatísticas, o ano 2018 está marcado como o máis demoledor en canto a vivenda protexida que caeu a mínimos históricos, e non digamos no territorio galego, con esa ridícula cifra de 8 vivendas. No ano 2017 construíronse en Galiza 12 vivendas protexidas para opción de compra. Como podemos concluír doadamente, non é materia de impulso por parte de Feijóo.

Se contraponemos esa cativa oferta coa altísima demanda existente no territorio galego, os datos fan palidecer a propaganda da Xunta. Hai centos de miles de persoas demandantes de vivenda protexida, en concreto, cífranse en máis de 13.385 as persoas inscritas no rexistro de demandantes de vivenda protexida, a meirande parte pide vivenda en alugueiro, especialmente nas capas máis mozas da sociedade dado que cos salarios tan baixos (unha media de 900 euros mensuais) non poden plantexarse unha compra. De toda a cifra de inscritos, só o 15% solicita a fórmula da adquisición. Con datos a mes de maio deste ano 2019, revelábase que máis de 4.000 mozas e mozos de Galiza están inscritos como demandantes de vivenda protexida tanto para alugar como para adquirir. O acceso a unha vivenda pública é a única vía que teñen moitos mozos e mozas menores de 35 anos dados os paupérrimos salarios que perciben.

Se houberse interese ou conciencia do ben común na Xunta, interiorizaríase que a vivenda protexida é un estabilizador do mercado, o seu medre funciona como un contrapeso aos altos prezos.

O parque de vivenda público para alugueiro está en 3.500 vivendas, todas elas ocupadas. Un número sometido a unha parálise desde hai anos dada a pasividade da Xunta na ampliación de nova oferta de arrendamento. É a mesma cifra que publicitan unha e outra vez por máis que pase o tempo.





Expertos na materia indican que dados tan baixos de construción de vivenda protexida, caso de Galiza, alertan da posibilidade de que acabe por desaparecer por completo. Coa competencia de vivenda na man, a Xunta de Feijóo optou de xeito intencionado por facer deixación das súas funciones. No eido estatal, tampouco existen medidas de fomento da construción deste tipo de vivendas e sirva de exemplo o Plan de Vivenda 2018-2021. Cada vez son menores os orzamentos adicados á creación de vivenda pública.

Se imos ao terreo das axudas que se conceden ao albur do Plan de Vivenda para afrontar os custes dos elevados alugueiros, e que se rexen por límites de renda, e dirixidas preferentemente a menores de 35 anos, maiores de 65 e familias numerosas, hai que sinalar que están moi lonxe de cubrir a demanda existente. Contabilizáronse máis de 12.000 solicitantes pero a Xunta só orzamentou para conceder unhas 4.200 solicitudes. Por non mencionar o enorme retraso coa que se tramitan.

O Observatorio da Vivenda da Xunta acredita a alza dos prezos no alugueiro que supera a media de 400 euros e en cidades como Vigo esta preto de 500 euros.

Fica pois en evidencia nesta exposición de motivos a necesidade imperiosa de plasmar con feitos un compromiso explícito coa creación de vivenda protexida tanto para compra como para o alugueiro a fin de cubrir a alta demanda existente en Galiza, especialmente na mocidade.

Ante o exposto, preséntanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1) Como explica o Goberno galego o baixo nivel de transmisión de vivenda protexida que ano tras ano descende a números irrisorios (8 vivendas protexidas entregadas en 2018), informe da lamentable posición de Galiza no ranking estatal en materia de vivenda protexida e as razóns que están a





- motivar a desincentivación de vivenda deste tipo a pesar de 13.385 demandantes inscritos?
- 2) Cales son as previsións en relación coa ampliación do parque de vivenda protexida en arrendamento para cubrir as miles de demandas dada a alza do prezo da vivenda en alugueiro recollido polo Observatorio da Vivenda da Xunta?
  - 3) Ten a Xunta algún plan para aumentar o número de vivendas protexidas no vindeiro exercicio? De ser o caso, con que orzamento contaría?
  - 4) Vai incrementar as axudas ao arrendamento dado que actualmente non se cubre nin sequera o 50% das solicitudes rexistradas?
  - 5) Cales son as previsións futuras da Xunta en materia de vivenda protexida, tanto para a súa adquisición como para o alugueiro?

Santiago de Compostela, 9 de xullo de 2019.

Asdo.: Antón Sánchez García

Deputado do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Antón Sánchez García na data 09/07/2019 13:03:55**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Vázquez Verao, Luís Villares Naveira, Pancho Casal Vidal e Davide Rodríguez Estévez**, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 4.<sup>a</sup>**

O 13 de xuño de 2019 publicouse no DOG a orde de convocatoria de axudas para 2019 de apoio á formación posdoutoral nas universidades do Sistema universitario de Galicia, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema de I+D+i galego.

“A finalidade do programa de axudas á etapa de formación posdoutoral é incrementar a incorporación de persoal investigador ao Sistema de I+D+i galego fomentando, na súa etapa inicial, a mobilidade internacional para mellorar a súa formación e posibilitando a reincorporación nos axentes que conforman o sistema para, con posterioridade, continuar coa súa traxectoria investigadora na institución a que retorna.”

Deste xeito, o Programa de apoio á etapa posdoutoral, conta con dúas modalidades de axuda: a Modalidade A (dous anos de estadía no estranxeiro e un en Galicia) e a Modalidade B (“contrato de dous anos de duración e axuda complementaria para o establecemento dunha liña de investigación propia, dirixidos ao persoal doutor investigador beneficiario dun contrato na modalidade A da convocatoria de 2016 do Programa de formación inicial da etapa posdoutoral, que acabaron o contrato e que acadaron unha avaliación positiva e para aquelas persoas investigadoras da convocatoria do ano 2014 ás cales, por



circunstancias especiais, se lles concedese o aprazamento da avaliación, que completasen o programa e que acaden unha avaliación positiva”).

Para a Modalidade B, poderanse contratar, por parte das universidades, un total de 21 persoas investigadoras.

Esta publicación das axudas chega tarde, como vén sucedendo anualmente. Desta vez, a tardanza na convocatoria da Modalidade B vén deixar na incertidume a 34 investigadoras e investigadores pois, entre a data de publicación da convocatoria de axudas (13 de xuño) e a resolución das mesmas poden pasar ata 5 meses (prazo máximo de resolución establecido pola Orde), tempo no que as e os investigadores estarán no paro. Dende o 30 de xuño, a grande maioría dos 38 investigadores e investigadoras de alto nivel contratadas polas universidades galegas e pertencentes á promoción de 2016 do programa de formación posdoutoral I2C están sen contrato.

Isto supón un prexuízo enorme para as investigadoras e investigadores e para as propias universidades galegas, que vén interrompidos proxectos investigadores en curso. Ademais, estas persoas contratadas pola Modalidade B non poderán dar clase durante o primeiro semestre do curso 2019-2020 nos graos e máster aos que estivesen adscritas.

Ademais, as persoas que solicitaran permisos de maternidade e paternidade teñen que agardar á vindeira convocatoria da Modalidade B para que o seu traballo na Modalidade A poida ser avaliado, non podendo presentarse neste ano 2019, situación que afecta a catro persoas, e a unha muller máis que renunciou ao seu permiso de maternidade para non ser prexudicada.

Os obxectivos destas axudas, no marco do Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento (I2C), son fomentar a formación e a retención de talento no País, algo que malamente se pode conseguir enviando a investigadores e investigadoras ao paro con incertidume sobre a súa continuidade nas universidades galegas.



Finalmente, a Xunta anunciou –tras semanas de mobilización das e dos investigadores– a financiación dos contratos ata mediados de outubro de 2019.

Polo exposto, a deputada e os deputados do Grupo Parlamentario Mixto presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4.<sup>a</sup>

- A que se debe a tardanza na convocatoria das axudas de apoio á formación posdoutoral en 2019?

- Vai a Xunta corrixir no futuro esta situación?

- Por que tardou un mes a Xunta en reaccionar ante a situación de incertidume na que ficaron unha trintena de investigadores/as?

- Que actuacións vai impulsar a Xunta para que se deixe de penalizar ás persoas investigadoras con permisos de maternidade e paternidade?

Santiago de Compostela, 9 de xullo de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Davide Rodríguez Estévez

Francisco Casal Vidal

Luís Villares Naveira

Deputada e deputados do G.P. Mixto

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 09/07/2019 13:10:38**

**David Rodríguez Estévez na data 09/07/2019 13:10:49**

**Luis Villares Naveira na data 09/07/2019 13:10:58**





**Francisco Casal Vidal na data 09/07/2019 13:11:31**





## Á MESA DO PARLAMENTO

**Eva Solla Fernández**, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª**.

O Colexio de Farmacéuticos de Ourense, está a denunciar a supresión dunha praza de formación en Farmacia Hospitalaria no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, manifestando que fronte as excusas postas polo Sergas en relación á oferta e demanda na praza, estase a hipotecar o futuro relevo desta disciplina en Ourense.

O Sergas sinala que existe a necesidade de suprimir esta praza para mellorar en outras como a de medicina de familia, un argumento impropio dunha xestión axeitada na sanidade, xa que o que está poñendo en evidencia é que pese á suposta recuperación económica temos que seguir recortando nun sitio para poñer en outro, nun servizo público tan esencial como é a sanidade.

Este recorte orzamentario que afecta a esta especialidade en Ourense e que segundo o propio colexio afectará á futura asistencia sanitaria, supón un agravio comparativo respecto a outras áreas sanitarias.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes PREGUNTAS:

- Considera o Goberno que con esta decisión está a garantir unha igualdade na asistencia sanitaria respecto ás diferentes áreas?
- Como vai a afectar nun futuro a supresión desta praza á especialidade de farmacia hospitalaria en Ourense?





- Tan mal está a situación que para poder aumentar outras prazas en formación debe suprimirse esta?
- Ten pensado o Goberno reconsiderar esta posición?

Santiago de Compostela, 9 de xullo de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 09/07/2019 13:54:08**





## Á MESA DO PARLAMENTO

**Eva Solla Fernández**, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.<sup>a</sup>**

Tras as fortes presións exercidas tanto dende a sociedade como dende os profesionais do Sergas principalmente da área sanitaria de Vigo, finalmente o Goberno decidiu mover ao xerente imputado Félix Ruibal, que mantivo unha deficiente xestión, non xa polo caso da imputación por presunto homicidio no subministro dos medicamentos da hepatite C, si non por toda a xestión dun área sanitaria que está a cabeza en canto a privatizacións, precariedade e listas de espera.

Con todo, lonxe de apartar da xestión sanitaria a esta persoa, a Consellería de Sanidade premia a súa incapacidade trasladándoo como xerente para Ourense, unha área sanitaria que se caracteriza nos últimos anos por ter que aguantar malas xerencias como a de Eloina Núñez, prima do actual presidente da Xunta.

Argumenta o Sergas, que o cambio prodúcese para adaptar a dirección das dúas EOXIS aos obxectivos de completar a integración da Atención Primaria e Hospitalaria, así como a implantación do Plan Galego de Atención Primaria. Unha afirmación que sorprende tendo en conta que a xestión de deste xerente provocou a dimisión en bloque de 25 xefes de servizo de Atención Primaria na área de Vigo.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea PREGUNTA:





- Cal é o motivo polo que o Goberno premia a xestión deste xerente cando a súa incapacidade foi posta en evidencia?
- Que explicacións ten o Goberno para non ter cesado a esta persoa no momento no que foi imputado por presunto homicidio no caso dos medicamentos da Hepatite C?
- Considera o Goberno que é boa a súa xestión, tendo en conta que a área sanitaria de Vigo é a que adoece de máis precariedade, privatizacións e listas de espera?

Santiago de Compostela, 9 de xullo de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 09/07/2019 13:33:59**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Davide Rodríguez Estévez, Paula Vázquez Verao e Luís Villares Naveira**, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5.<sup>a</sup>**

O teléfono do Servizo de Atención e Información á Cidadanía na Xunta de Galicia (Teléfono 012), é un servizo integrado de xestión dotado dos compoñentes tecnolóxicos e dos servizos necesarios para facilitarlle á cidadanía as súas relacións coa Xunta de Galicia, así como a información e atención en diversas materias.

Aparte do teléfono de Información do 012, entre os servizos de contestación de chamadas telefónicas cubertos atópanse o Teléfono da Muller, a Liña de Axuda á Infancia, o Teléfono Social, etc.

O Servizo de información ás mulleres facilita información e orientación sobre os recursos existentes para cubrir inicialmente as distintas necesidades das mulleres galegas no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia e informa ás mulleres nas áreas xurídica, de emprego, de recursos sociais e de atención psicolóxica. Este servizo colabora tamén a través do desenvolvemento das súas funcións na prevención, detección e intervención (traslado de vítimas, ingresos en ) en situacións de posible risco, abuso e maltrato das mulleres.

A liña de axuda á infancia destinase a prestar atención profesional, gratuíta e confidencial aos nenos, nenas e adolescentes, así como a adultos en asuntos relacionados coa protección e defensa dos dereitos daqueles. O obxecto do servizo é proporcionar axuda aos nenos necesitados de coidados e protección, aos que se lles subministrarán servizos e recursos tendentes a satisfacer as súas necesidades, e tamén proporcionarlles a oportunidade de que poidan expresar



libremente as súas preocupacións, falar sobre problemas que lles afecten directamente e avisar aos corpos e forzas de seguridade ou aos equipos técnicos de menores para poder proporcionarlles axuda en caso de urxencia. Tamén se xestionan ingresos de menores en desproteccións e comunicación de situacións de urxencia.

O Teléfono Social, pola súa banda, facilita información e orientación dos recursos existentes para cubrir inicialmente as distintas necesidades dos colectivos de persoas dependentes, persoas maiores e persoas con discapacidade. É un servizo permanente as 24 horas do día, todos os días do ano, de carácter gratuíto. As prestacións básicas deste teléfono social son a atención personalizada, información e orientación sobre recursos sociais, intervencións en casos de risco de abandono ou de maltrato con derivación e canalización, se é o caso, aos servizos sociais correspondentes.

Para cada contacto recibido nos diferentes servizos, o persoal recolle e rexistra os datos relativos ás solicitudes de información, peticións e/ou incidencias, procesándoas e resolvéndoas en primeiro nivel ou iniciando as accións oportunas para a súa resolución definitiva.

No prego de condicións técnicas do Servizo especificase que o persoal seleccionado e asignado para a prestación dos distintos servizos deberá reunir as habilidades e coñecementos requiridos para o correcto desenvolvemento das funcións e tarefas asociadas e detalladas nas descrições dos distintos servizos telefónicos que se integran no 012.

Para labores de atención ao Teléfono da Muller, Teléfono Social e Liña de Axuda á Infancia, especificase no prego que será preciso o asesoramento psicolóxico, xurídico e social, polo que, como mínimo, estes servizos integraranse por profesionais cos perfís de psicólogo/a e Traballador/a Social.

Actualmente, no Teléfono Social están contratadas para toda Galicia 8 persoas, todas elas mulleres, ás que se lles esixe ter os citados perfís profesionais para desempeñar a súa labor e sen embargo, non se lles recoñece esa categoría



profesional, estando contratadas como técnicas cando as funcións que realizan requiren unha titulación, unha especialización e uns coñecementos concretos da temática e das persoas destinatarias, ao tratarse de colectivos vulnerables, feito que levou a que algunhas delas levaran a cuestión ante os tribunais, pois realizan funcións de asistencia e intervención que requiren uns coñecementos profesionais axeitados á titulación que ostentan, alén de recollerse no prego de prescricións técnicas.

Existe unha clara diferenza entre o traballo realizado por estas profesionais e as “teleoperadoras especialistas” propiamente ditas, que se limitan a recoller os datos de quen chama para poñelos en coñecemento das persoas que forman o Equipo Técnico. O feito de que estas traballadoras teñan que cubrir fichas non é motivo para encadralas na categoría profesional de “teleoperadoras especialistas”, pois para poder cubrir esa documentación, precisan saber o que se debe preguntar e reflectir, coñecemento que proporciona a axeitada titulación profesional, que por outra parte, se lles esixe para acceder ao posto.

Estas traballadoras, que prestan os seus servizos atendendo o Teléfono Social, o Teléfono da Infancia, o Teléfono da Muller e o servizo de Dependencia e discapacidades, na categoría de “teleoperadora especialista”, teñen, entre outras funcións de Traballo Social, as seguintes:

- Información, asesoramento e orientación sobre recursos e prestacións relacionadas cos servizos sinalados.
- Tramitación das denuncias aos organismos correspondentes e seguimento das mesmas.
- Intervencións en situación de urxencia, solicitando se é preciso a intervención das forzas de seguridade do estado.
- Derivación aos demais recursos no caso de non poder solventar as cuestións prantexadas.
- Intermediación e coordinación cos diferentes equipos técnicos da Xunta para mellorar e optimizar a calidade das intervencións dentro dos servizos telefónicos.



O persoal deste servizo de contestación de chamadas telefónicas está contratado por diferentes empresas (UTE Centro de Atención de chamadas SA Contacnova SL....), con contratos a tempo parcial, de 30-35 horas semanais.

Dende o 1 de agosto de 2017 o prego de condicións atópase en período de prórroga, finalizando esta o 31 de xullo de 2019, polo quen ven acaído que, de cara á nova prórroga ou cambio, se lles recoñeza a súa categoría profesional.

Por todo o exposto anteriormente o Grupo Parlamentario Mixto formula a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.ª:

- Ten pensado a Xunta recoñecer a categoría profesional acorde aos perfís esixidos no Servizo de Atención e Información á Cidadanía na Xunta de Galicia, en concreto, no Teléfono Social, e servizos de contestación de chamadas telefónicas?
- Ten coñecemento a Xunta de se o persoal do servizo de contestación de chamadas telefónicas percibe a mesma remuneración, esíxaselle ou non un perfil e titulación concreta?
- De ter coñecemento, terá en conta a Xunta a consideración da categoría profesional do persoal no novo contrato?

Santiago de Compostela, 9 de xullo de 2019.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Paula Vázquez Verao

Luís Villares Naveira

Deputados e deputada do G.P. Mixto.

**Asinado dixitalmente por:**





**David Rodríguez Estévez na data 09/07/2019 16:52:57**

**Paula Vázquez Verao na data 09/07/2019 16:53:07**

**Luis Villares Naveira na data 09/07/2019 16:53:18**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**.

No concello das Somozas, en Sogarisa, quedan aínda sen tratar, nunha balsa, arredor de 5.000m<sup>3</sup> de restos de chapapote do desastre do Prestige.

No seu momento foi unha cantidade moito maior e dotouse dun orzamento para reciclar eses restos. Ó parecer non abundou a cantidade para a totalidade dos residuos e 17 anos despois, sumidos no esquecemento alí están baixo a sospeita e a ameaza de produciren outra vez danos medioambientais.

Eses residuos, na cantidade aproximada citada anteriormente, non deben quedar así, acumuladas, á espera dun accidente, negligencia ou coma unha herdanza ameazando o futuro dos galegos e galegas.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

-Que cantidade de fuel e outros restos procedentes da limpeza das praias e rías como consecuencia do accidente do Prestige se encontran nas instalacións de Sogarisa en As Somozas?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

-Hai almacenados restos desta mesma procedencia nalgún outro lugar de Galicia?

-Cantos metros cúbicos dos almacenados en Sogarisia foron reciclados ou neutralizados e canto foi o orzamento desta operación?

-Que ten pensado facer o goberno galego con estes residuos actuais?

Santiago de Compostela, 9 de xullo de 2019

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Montserrat Prado Cores**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 09/07/2019 17:37:53**

**Xosé Luis Bará Torres na data 09/07/2019 17:38:02**





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**María Montserrat Prado Cores na data 09/07/2019 17:38:07**

**Noa Presas Bergantiños na data 09/07/2019 17:38:15**

**Olalla Rodil Fernández na data 09/07/2019 17:38:23**

**Ana Pontón Mondelo na data 09/07/2019 17:38:31**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Montserrat Prado Cores**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**.

O pasado día 8 de xullo pola tarde, declarada situación de alerta laranxa, sucedéronse unha serie de choivas torrenciais e saraibada en diferentes localidades do país. Sen dúbida unha das zonas máis afectadas foi o Concello de Monterrei. Afortunadamente non houbo que lamentar perdas vitais. Porén, é innegable que os danos materiais e tamén agrícolas foron considerábeis e que a recuperación desta zona debe implicar a todas as administracións.

Para o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, á espera de que se poida facer unha limpeza e unha avaliación pormenorizada dos danos, danse as condicións para que se activen de inmediata todos os mecanismos posibles para paliar os danos económicos e materiais da comarca de Monterrei, pois estamos a falar dunha situación excepcional que xustifica a declaración de Zona Afectada Gravemente por unha emerxencia de protección civil conforme contempla o artigo 23 a Lei 17/2015 estatal de Protección Civil.

Máis aínda, pasada a urxencia haberá que facer unha reflexión colectiva primeiro, de como a degradación do monte polos lumes agravou o lavado das ladeiras e segundo, de como un modelo irracional de xestión dos ríos que pasa por Madrid





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

impediu que estivera limpo e acondicionado como debera empeorando a situación. Cómpre aprender para o futuro e que as administracións responsábeis invistan na reparación e coidado do territorio.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

Que actuacións vai levar a cabo a Xunta de Galiza diante da situación xerada polas choivas do 8 de xullo na zona de Monterrei?

Cal é a valoración da Xunta de Galiza dos danos materiais?

E agrogandeiros?

Que mecanismos conta activar?

Que actuacións serán precisas de cara ao futuro para minorar as posibilidades dunha repetición desta situación?

Santiago de Compostela, 9 de xullo de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Luis Bará Torres**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 09/07/2019 18:19:22**

**Xosé Luis Bará Torres na data 09/07/2019 18:19:31**

**María Montserrat Prado Cores na data 09/07/2019 18:19:37**

**Olalla Rodil Fernández na data 09/07/2019 18:19:45**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 09/07/2019 18:19:57**

**Ana Pontón Mondelo na data 09/07/2019 18:20:05**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Eva Solla Fernández**, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.<sup>a</sup>**

A Lei 1/2012 de medidas temporais en determinadas materias do emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia, introduce a suspensión de preceptos contidos no V Convenio Colectivo Único para o Persoal Laboral da Xunta de Galicia.

A exposición de motivos da Lei, determina o seu carácter temporal, así como a necesidade de revisión das medidas previstas na mesma no prazo de dous anos dende a súa entrada en vigor.

Esta suspensión unilateral dos dereitos recollidos no articulado do V Convenio colectivo afecta de xeito moi grave no funcionamento dos servizos públicos e nas condicións laborais do persoal afectado, por exemplo, no que se refire á suspensión do artigo 19 en materia de descansos e libranzas. Esta suspensión do dereito ao descanso, non só afecta á propia conciliación da vida laboral e familiar, si non que tamén está directamente relacionada cun aumento dos accidentes de traballo que se concentran nunha ampla maioría na Consellería de Política Social a causa dos sobreesforzos.

Escoitamos continuamente ao goberno presumir de recuperación económica, así como do compromiso cos servizos públicos galegos, sen embargo estas declaracións non se traducen na recuperación dos dereitos suspendidos.







Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes PREGUNTAS:

- Cando pensa a Xunta recuperar a totalidade dos dereitos recollidos no V Convenio Colectivo Único?
- Cal é o motivo polo que pese a existir esa presunta recuperación económica non se recuperan os dereitos recortados ás traballadoras e traballadores?
- Considera a Consellería de Política Social que que está a respectar os dereitos laborais das traballadoras e traballadores dependentes da mesma?

Santiago de Compostela, 9 de xullo de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 09/07/2019 18:52:27**



## Á Mesa do Parlamento

**María del Carmen Rodríguez Dacosta, Noela Blanco Rodríguez e José Manuel Pérez Seco**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 7.<sup>a</sup>, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**.

As fortes treboadas acaecidas a pasada madrugada na comarca do sur de Ourense, produciron graves danos na horta e denominación de orixe de viño de Monterrei e Valdeorras.

Os principais núcleos afectados son no caso de Monterrei, os viñedos situados no propio concello e en Valdeorras, as zonas con danos máis graves están en zonas do Bolo, pero tamén polo resto da comarca e non só nas viñas, senón tamén nas hortas.

Polos datos que están chegando, o nivel de perdas podería chegar, a máis de 300 hectáreas no caso de viñado e un número alto pero tamén, aínda sen avaliar, no caso dos cultivos da horta.

Esta situación require dunha actuación urxente da Administración para paliar os danos producidos polas fortes treboadas, que poñen en perigo a supervivencia dun sector económico estratéxico e representativo de Galicia.

Ante esta situación as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cales son as actuacións realizadas pola Xunta de Galicia dende esta data?
2. Realizou o Goberno galego algunha estimación dos danos producidos e das perdas económicas e, de ser o caso, cales foron os resultados?
3. Que actuacións ten previstas levar a cabo o Goberno galego para garantir a recuperación das zonas afectadas?

Pazo do Parlamento, 09 de xullo de 2019





**Asinado dixitalmente por:**

**María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 09/07/2019 19:13:51**

**Noela Blanco Rodríguez na data 09/07/2019 19:13:59**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 09/07/2019 19:14:18**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Eva Solla Fernández**, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.<sup>a</sup>**

As denuncias sobre saturación, sobreesforzo, estrés e falta de descanso do persoal dependente da consellería de política social que traballa nos centros de atención directa, tales como as residencias de maiores ou os Centros de Atención a Persoas Dependentes, están aumentando de xeito alarmante.

A Consellería de Política Social concentra un dos índices mais elevados de accidentes laborais, sendo a metade destes, por motivos que teñen que ver cunha sobrecarga de traballo pola falta de persoal. As ratios oficiais non teñen en conta as peculiaridades na atención que presenta as persoas residentes destes centros, polo que non se axuntan ao persoal necesario nos mesmos.

En residencias grandes, como pode ser por exemplo a de Oleiros, nas quendas de noite unicamente contan en cada unidade cunha auxiliar e unha enfermeira para atender aos 44 pacientes da unidade, os cales atópanse nunha ampla maioría, cun grado elevado de dependencia. Durante o día, a situación tampouco mellora pasando a ser 5 as auxiliares de enfermería que de 8 a 10 da mañá deben asear, vestir e dar de comer á maioría das persoas residentes da súa unidade.

Neste sentido, tamén chama a atención a falta de persoal en fisioterapia ou terapia ocupacional, profesionais moi necesarias que non só mellorarían a calidade de vida das persoas usuarias dos centros si non que tamén facilitarían o traballo do resto das profesionais.





Todas estas circunstancias, deben unirse co aumento da demanda de persoas que necesitan da asistencia nesos centros, os cales contan cunha ocupación do 100% e importantes listas de espera.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea PREGUNTA:

- Que valoración fai a Consellería de Política Social das denuncias sobre saturación, sobre esforzo, estrés e falta de descanso do persoal que traballa nos centros de atención directa da Consellería?
- Ten pensado a Consellería restaurar a aplicación do artigo 19 do V Convenio?
- Comprométese a Consellería a cubrir todas as baixas médicas e vacacións para evitar a falla de persoal e a sobrecarga de traballo nos centros?
- Ten pensado a Consellería executar os procesos pendentes de consolidación?
- Vai a Consellería atender a demanda que existen en relación á creación de centros públicos, dotando estes e os que existen de persoal suficiente?

Santiago de Compostela, 9 de xullo de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.





**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 09/07/2019 19:28:13**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Flora Miranda Pena**, deputada do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.<sup>a</sup>**, relativa á hospitalización a domicilio.

A mañá do 9 de xullo de 2019 espertamos coa portada do medio impreso galego de maior tirada anunciando a ampliación da hospitalización domiciliaria a todo o territorio galego. Mesmo antes da súa aprobación no Consello da Xunta.

A nova anunciaba que esta cobertura, que daba servizo “ao 75% da poboación, pasaría a atender ao 100%”.

A hospitalización a domicilio, ata o momento, atendía os ámbitos periurbanos do país, fomentando a desigualdade entre o rural e o periurbano, e só unhas patoloxías e situacións moi definidas e nunhas condicións moi concretas. Fóra dese entorno periurbano e esas patoloxías, a Atención Primaria asumía todo o resto da atención domiciliaria: as enfermidades crónicas e avanzadas, as curas complexas e os coidados paliativos noutras condicións absolutamente precarizadas e grazas ao esforzo das súas e dos seus profesionais médicos e de enfermaría: despois de atender en ocasións ata máis de sesenta pacientes na consulta, con profesionais formados en coidados paliativos no seu tempo libre, no seu propio vehículo, con dificultades (pola propia sobrecarga) de sincronizarse o persoal médico e de enfermaría, asumindo a totalidade da xeografía galega e en moitas ocasións por riba da xornada laboral.

A hospitalización a domicilio asume en moitas ocasións o remate do soporte terapéutico de pacientes crónicos complexos que, tras unha descompensación, requiren unha hospitalización breve. Cunha óptima dotación da atención primaria





que permitise dedicarlle o tempo suficiente aos pacientes na consulta e no propio domicilio, moitos destes pacientes evitarían o ingreso. Este debe ser un obxectivo a preservar neste tipo de doentes.

Estes días, con graves carencias de persoal en Atención Primaria , anuncios coma estes cuestionan a dignificación deste nivel asistencial e amosan o descoñecemento total do traballo neste ámbito. Máis parece unha manobra publicitaria do goberno do Partido Popular vendendo expectativas non cribles á poboación xeral.

Por este motivo, a deputada Flora Miranda formula as seguintes preguntas:

-Cal é o orzamento, a dotación profesional e a planificación deste desenvolvemento da hospitalización a domicilio?

-Cal é a finalidade de anunciar na portada dos medios unha medida que aínda non foi aprobada?

-Que recursos dispoñerán para a mellora da atención domiciliaria dos pacientes crónicos avanzados e complexos, así como os pacientes con necesidades paliativas na propia Atención Primaria de Saúde de cara á evitación de ingresos por descompensación?

-De onde obterán as e os profesionais a contratar tendo en conta o seu argumento da carencia destes nas bolsas de emprego?

Santiago de Compostela, 10 de xullo de 2019.

Asdo.: Flora Miranda Pena

Deputada do G.P. de En Marea.







**Asinado dixitalmente por:**

**Flora María Miranda Pena na data 10/07/2019 11:02:46**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Quinteiro Araujo e Flora Miranda Pena**, deputadas do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte PREGUNTA para a súa RESPOSTA ORAL na **Comisión 8.<sup>a</sup>**.

Durante a sesión plenaria celebrada o 9 de xullo deste ano, a Conselleira do Mar deu conta de diversos datos sobre os GALP en Galicia, entre estes datos podemos destacar a pouca presenza de proxectos de modernización e actualización da frota ou netamente destinados a mellorar a nosa produción pesqueira e marisqueira.

Ademais, a Conselleira coincide co noso grupo na necesidade de eliminar determinada burocracia excesivamente farragosa que, en moitos casos, impide a presentación de proxectos ante os grupos de acción costeira.

Polo exposto, as deputadas asinantes facemos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- Que accións ten levado adiante a Xunta de Galicia para axilizar as xestións pertinentes para solicitar un proxecto nos grupos de acción costeira?
- Cantos proxectos aprobados inicialmente polos grupos de acción costeira de cada zona foron denegados pola Xunta? cales foron os diferentes motivos desta denegación?

Santiago de Compostela, 10 de xullo de 2019.





Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Flora Miranda Pena

Deputadas do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Quinteiro Araújo na data 10/07/2019 11:36:58**

**Flora María Miranda Pena na data 10/07/2019 11:37:17**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Davide Rodríguez Estévez**, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral na **Comisión 7.<sup>a</sup>**

O día 8 de xullo, o pedrazo volveu caer con forza, afectando ás plantacións de determinadas comarcas da provincia de Ourense, sendo os concellos máis afectados os de O Barco de Valdeorras, Rubiá, O Bolo, Monterrei e Verín.

A falta de confirmacións oficiais, máis de 350 has poderían estar danadas polo pedrazo, afectando a viñedo, horta e castiñeiro.

Dende o Grupo Parlamentario Mixto, esixímoslle á Consellaría de Medio Rural que garanta ás nosas produtoras e produtores unhas colleitas dignas en calidade e cantidade para asegurar a continuidade da actividade viticultora e hortícola nunha provincia onde ten unha importante tradición e un peso económico fundamental.

Polo exposto anteriormente, o deputado que subscribe, formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral:

Ten pensado a Xunta de Galicia crear unha liña de axudas para garantir a liquidez das persoas afectadas e compensar as perdas producidas polo pedrazo do luns 8 de xullo?

Santiago de Compostela, 10 de xullo de 2019

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Deputado do G.P. Mixto.



**Asinado dixitalmente por:**

**David Rodríguez Estévez na data 10/07/2019 16:41:17**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Antón Sánchez García**, deputado do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7.<sup>a</sup>**

Na xornada da tarde do luns 8 de xullo as comarcas de Monterrei e de Valdeorras víronse afectadas por unha forte treboada de choiva e pedrazo que deixou tras de si un rastro de destrución terríbel.

A aldea de Infesta (Monterrei) foi un dos lugares máis golpeados dado que as riadas leváronse por diante coches, tractores, inundaron casas e, literalmente, asolagaron a aldea cubríndoa de lamas e de pedras debido á forza do paso da auga.

Ademais de danos nos bens materiais públicos e persoais, hai que lamentar a morte de moitos animais, a destrución de granxas e de colleitas.

No caso de Monterrei, desde a corporación local xa se anunciou que se ía solicitar a declaración de zona de emerxencia a fin de os afectados accedan ás axudas económicas, fiscais, sociais e doutro tipo.

Á falla de levar a cabo unha avaliación rigorosa dos danos, de entrada hai que indicar os impactos nas infraestruturas públicas (viais, camiños,..), nos inmóbeis, nas casas, desfeitas de explotacións agrarias, os impactos no sector vitivinícola posto que se perderon colleitas da denominación de orixe de Monterrei e Valdeorras.





De feito, desde o sector vitivinícola xa se avanza perdas enormes polo destrozo de máis de 300 hectáreas de viñedos das denominación de orixe de Monterrei e Valdeorras. Segundo o primeiro relato, os municipios de O Barco e Rubiá son os que rexistraron o maior número de viñedos perdidos pola sarabia. Outra das áreas vitivinícolas afectadas son as parroquias de Lentellais e Santa Cruz no municipio de O Bolo, entre outras.

Neste sentido, o Conselleiro de Medio Rural, na súa visita ás comarcas afectadas, teimou decote na importancia de ter contratados seguros agrarios para facer fronte a catástrofes como a descrita. Tema que desde logo non poñemos en cuestión, pero dada a magnitude da catástrofe sería preciso que a Consellería de Medio Rural tamén tivese en conta outro tipo de axudas ou subvencións para facer fronte ás perdas no agro porque o impacto no sector é moi preocupante. Hai que dicir que ao sector produtor preocúpalle que se demoren moito as tramitacións para as avaliacións de danos e demanda de axudas, de aí que pidan axilidade e rapidez como instrumentos que axuden a paliar a situación. Co cal, seguros agrarios por suposto, pero empatía e colaboración de Medio Rural tamén.

Ademais do relato de danos e a adopción de medidas canto antes, hai que apuntar a outro tema que está detrás do recrudescemento deste fenómeno e que se debe afrontar de inmediato. Referímonos ao estado dos ríos e das canles fluviaias. Como sucedera no pasado mes de novembro en Viveiro (A Mariña, Lugo) e noutras moitas situacións anteriores, o asolagamento e as fortes riadas teñen a súa causa na falla de limpeza e rexeneración dos ríos. O abandono, a deixadez e as nulas actuacións de limpeza nas canles fluviaias, caso do río Búbal e o seu afluente o Rubín, son unha base fácil de asolagamento en canto se producen intensas choivas ou fenómenos máis brutais como o do luns pasado. A aldea de Santa Mariña viuse completamente asolagada, con auga até a cintura. Tamén Infesta foi vítima da mesma situación e Vilaza. A elevada cantidade de auga





caída fixo que os ríos arrastrasen lamas, pedras, rochas, terra e todo ao seu paso nun regueiro de destrución que ía desde as poboacións de Lamas, Guimarei, Baldriz até Infesta.

Moitos veciños e veciñas apuntan á pasividade das Administracións, neste caso sinalan á Confederación Hidrográfica do Douro que ten enquistada a situación desde hai anos.

Á vista das tremendas consecuencias e da destrución producida, coidamos que tanto a Xunta como os concellos, a Deputación e o Goberno central deben priorizar a rehabilitación das áreas destrozadas, poñendo a tal fin todos os medios dispoñíbeis. Ao tempo, é preciso que se axilice a avaliación dos danos e se artellen de inmediato liñas de axuda económicas, sociais, fiscais, de reparación, para que canto antes as comarcas afectadas poidan volver á normalidade e iniciar as súas actividades.

Polo exposto, preséntanse as seguintes Preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.<sup>a</sup>) Iniciou a Xunta, en coordinación cos concellos das comarcas de Monterrei e Valdeorras, afectados polas fortes treboadas e sarabiadas do luns 8 de xullo, a avaliación dos danos?
- 2.<sup>a</sup>) Cree que o mal estado dos ríos Búbal e Rubín, necesitados desde hai anos de limpeza, multiplicou os danos debido ao asolagamento producido?
- 3.<sup>a</sup>) Dirixiuse a Xunta á Confederación Hidrográfica do Douro nos últimos cinco anos para pedirlle actuacións de rexeneración dos ríos?
- 4.<sup>a</sup>) Non é certo que non é a primeira vez que sucede?
- 5.<sup>a</sup>) Non debería estremarse o coidado co estado de ríos dado que son un foco de riadas en caso de fenómenos como o descrito?







6.<sup>a</sup>) Vai exixirlle á Confederación que se poña mans á obra canto antes e limpe os ríos aludidos?

7.<sup>a</sup>) Vai levar a cabo a Xunta algunha xestión diante do Goberno do Estado para que se axilice a consideración de declaración de emerxencia de protección civil (Lei 17/2015, de 9 de xullo, do Sistema Nacional de Protección Civil) das zonas afectadas?

8.<sup>a</sup>) Que orzamento vai dedicar a reforma e rehabilitación de infraestruturas públicas como viais, camiños e outros?

Santiago de Compostela, 10 de xullo de 2019.

Asdo.: Antón Sánchez García

Deputado do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Antón Sánchez García na data 10/07/2019 17:04:59**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Vázquez Verao e Davide Rodríguez Estévez**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 2ª**

En xuño de 2019 veciñanza da zona puxo en coñecemento do Concello de Cervo e do SEPRONA a existencia dun verquido no río Cobo.

O verquido, directo ao río, presentaba lodos e espuma.

Asociacións de pescadores da Mariña trasládannos con frecuencia este tipo de episodios nos nosos ríos e, nomeadamente, nos ríos da Mariña de Lugo, da cal, gran parte do seu territorio está enmarcado na Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa.

O mesmo mes de xuño, Augas de Galicia eliminou un punto de verquido de augas residuais ao mar Cantábrico, procedente da liña de augas residuais dunha instalación de acuicultura de Cervo, procedente dun aliviadoiro non recollido na resolución de autorización.

Esta situación de verquidos ao mar tamén é frecuente en Foz e Viveiro.

O Plan de Control de Vertidos de Augas de Galicia é unha ferramenta para a inspección e control dos verquidos ao dominio público hidráulico e deste terra ao litoral galego.

Os traballos desenvolvidos polo PCV enmárcanse nas seguintes actuacións: xestión de alertas por vertidos puntuais, inspeccións e seguimento dos puntos de vertido, inventario de vertidos.



Segundo a propia web de Augas de Galicia, os obxectivos que se pretenden acadar coas actuacións desenvolvidas polo Plan de Control de Vertidos son:

- Localizar puntos de vertido e avaliar a súa importancia.
- Controlar o cumprimento dos límites de vertido.
- Xestionar as alertas por vertido ao Dominio Público.
- Asesorar aos titulares dos vertidos na súa correcta xestión.
- Colaborar cos titulares das distintas administracións na subsanación dos vertidos.
- Identificar zonas potencialmente sensibles.
- Definir novos condicionantes para as autorizacións de vertidos.
- Fomentar a concienciación social.
- Realizar plans de recuperación de zonas danadas.
- Desenvolver estudos concretos.
- Implantar redes de control.

Polo exposto, a deputada e o deputado que subscriben preguntan á Xunta de Galicia:

- Vai impulsar unha campaña específica de localización de puntos de verquido nos ríos da Mariña de Lugo?
- Vai impulsar unha campaña específica de concienciación sobre os danos dos verquidos na Mariña de Lugo?
- Que actuacións levou a cabo o Plan de Control de Vertidos de Augas de Galicia nos distintos concellos da Mariña dende 2016?
- Como vai combater os verquidos ao mar na costa da Mariña de Lugo?
- Como vai actuar ante as continuas agresións medioambientais nos ríos da Mariña de Lugo?

Santiago de Compostela, 10 de xullo de 2019.



Asdo.: Paula Vázquez Verao

Davide Rodríguez Estévez

Deputada e deputado do G.P. Mixto

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 10/07/2019 18:31:09**

**David Rodríguez Estévez na data 10/07/2019 18:31:20**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Vázquez Verao**, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5.<sup>a</sup>**

A Constitución española de 1978 no seu art. 39.4 defende que os nenos e nenas gozarán da protección prevista nos acordos internacionais que velan polos seus dereitos. Seguindo este precepto, a Convención sobre os Dereitos do Neno (CDN) de 1989, no seu artigo 24, fai referencia á saúde e sinala que os Estados parte recoñecen os dereitos dos nenos e nenas ao goce do máis alto nivel posible de saúde e a servizos para o tratamento das enfermidades e a rehabilitación da saúde, esforzándose por asegurar que ningún sexa privado do seu dereito ao goce deses servizos sanitarios. Ademais, a Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea recoñece que a infancia ten dereito á protección e aos cuidados necesarios para o seu benestar. Os estados teñen a obriga de garantir na máxima medida posible a supervivencia e desenvolvemento da infancia, recoñecendo plenamente o dereito á saúde, a servizos para o tratamento das enfermidades que a afectan e a súa rehabilitación en caso de ser necesario.

Estas declaracións chocan coa realidade cando nos referimos á obesidade infantil. A obesidade é un aumento da graxa corporal, non do peso nin da talla. Por iso, o exceso de peso non é un mero problema estético, senón unha enfermidade que eleva o risco de padecer moitas outras, como a diabetes tipo II ou distintos tipos de cancro e patoloxías cardiovasculares que aparecen progresivamente en idades máis temperás en Galiza.

O estado español é xa o segundo estado europeo, tras o Reino Unido, con máis persoas obesas: preto do 20% da poboación adulta e un 18% da infantil. Galiza é a segunda comunidade autónoma con maiores taxas de sobrepeso e obesidade entre a poboación adulta (un 24,9%), só superada por Asturias (25,7%), segundo



o “Estudio Nutricional de la Población Española (ENPE)”. En Galiza viven máis de 7.800 persoas con obesidade mórbida, é dicir, cun Índice de Masa Corporal (IMC), igual ou superior a 40 ou de igual ou superior a 35 e que presentan outra enfermidade ou discapacidade grave a causa do exceso de peso e para as que a única solución é cirúrxica.

Pero, tamén Galiza, xunto Asturias e as Illas Canarias, lideran o ranking de obesidade infantil. Segundo datos do IGE a porcentaxe de menores con sobrepeso supera en cinco puntos porcentuais a media do estado, e o estudo Galinut alerta que nos últimos trinta anos a porcentaxe de menores obesos incrementouse do 5% en 1979 ao 16% actual. Segundo os datos do programa Xermola da Consellería de Sanidade, un de cada tres menores de entre 6 e 15 anos presenta sobrepeso ou obesidade.

As e os menores galegos pesan hoxe, de media, 7,3 quilos máis -7,9 quilos os nenos e 6,7 as nenas- que hai 38 anos, polo que tendo en conta que a talla media aumentou 5 centímetros, a graxa incrementouse nunha porcentaxe moito maior. A proba radica no incremento do Índice de Masa Corporal, que aumentou en 2 puntos e o perímetro da cintura, que nas nenas incrementouse entre 4 e 6 centímetros.

A unidade de Gastroenteroloxía e Nutrición Pediátrica do CHUS leva anos advertindo sobre o incremento da obesidade infantil e as súas consecuencias presentes e futuras: “Máis obesidade supón máis graxa corporal e máis perímetro de cintura, o que aumenta o risco de padecer enfermidades cardiometabólicas a idades cada vez máis temperá”»; “Falta realmente unha política ben definida para intervir no problema, tanto nas familias como nos colexios”. Os e as pediatras advirten que cada vez é máis frecuente ter nas súas consultas menores con obesidade que presentan enfermidades propias dos adultos como hipertensión arterial.



Asemade, o sobrepeso e obesidade na infancia aumentan o risco de padecer trastornos da alimentación na adolescencia.

Non hai terapia médica para a obesidade e o sobrepeso, polo que a prevención, baseada nunha dieta saudable e na práctica de exercicio é a única solución. Un menor con obesidade soe estar mal alimentado, acumula graxa, pero é moi probable que presente déficit de ferro, calcio e vitamina D.

A experiencia demostra que na prevención da obesidade as estratexias máis eficaces son as que se dirixen a modificar o ambiente, familia, escola, transportes, publicidade, industria alimentaria, acceso á práctica do deporte e sistema sanitario. A publicidade e outras formas de mercadotecnia de alimentos e bebidas non aconsellables dirixidas a menores inflúen nas preferencias alimenticias e nas pautas de consumo da poboación infantil e adolescente.

En abril de 2013, o Parlamento de Galicia aprobou a elaboración e execución dun plan de loita contra a obesidade infantil, liderado pola Consellería de Sanidade. O Plan de prevención da obesidade infantil, foi chamado "Plan Xermola" e dende entón está sen desenvolver.

Polo exposto, a deputada que subscribe formula a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión.

1. Cando vai poñer en práctica todas as medidas do Plan Xermola?
2. Que actuacións está a implementar en relación aos hábitos alimenticios das familias con casos de menores con sobrepeso ou obesidade?
3. Que actuacións está a implementar para motivar a actividade deportiva e facilitar o acceso da poboación ao deporte?
4. Que actuacións está a implementar nos ciclos educativos de Primaria e Secundaria para prever a obesidade infantil e xuvenil?
5. Con que recursos públicos conta a Xunta para a prevención da obesidade e para o tratamento dos trastornos alimenticios?



6. Cal é a prevalencia da obesidade e sobrepeso así como o patrón de actividade física e alimentario nas persoas galegas menores de 18 anos?

Santiago de Compostela, 11 de xullo de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. Mixto

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 11/07/2019 10:18:15**





## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Vázquez Verao**, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 4ª**.

En xuño de 2019, veciñanza de Samos e Triacastela detectou a realización de obras na Serra do Iribio, coa finalidade de abrir pistas para un proxecto de parque eólico da empresa Fergo Galicia Vento, nunha zona que é Rede Natura 2000. Ditas obras foron denunciadas pola Asociación ADEGA o 7 de xuño, ante a Fiscalía e as Consellarías de Medio Ambiente e Industria e dos concellos de Samos e Triacastela, esixindo a súa paralización inmediata.

Posteriormente, estas obras foron paralizadas de xeito cautelar, dado que non contaban con autorización municipal. Aínda así, a maquinaria pesada quedou na serra durante días.

As obras, que ampliaron pistas, destruíron hábitats de turbeira e levaron por diante restos do antigo Camiño Real Monforte-Vilafranca, así como o entorno da Medorra do Fial.

Así mesmo, o camiño que se pretende ampliar quedou marcado con chantos de madeira e cintas vermellas.

A Serra do Iribio é un espazo de gran valor ecolóxico e cultural. Como sinala a Sociedade de Ornitoloxía de Galicia, a zona é unha área importante para diversas especies ameazadas, destacando a presenza da tartaraña cincenta (*Circus pygargus*) e a gataformela (*Circus cyaneus*), incluídas no Catálogo Galego de Especies Ameazadas como vulnerables e cun plan de conservación pendente de aprobación. Ademais, conta coa presenza de carballos ananos e coa peculiaridade



de ter un camiño real que atravesa toda a serra, así como outros elementos como mámoas, neveiros, un portádego e capela.

Asemade, o parque afectaría á área de protección do Camiño de Santiago, sendo visibles os aeroxeradores durante 60 km do seu trazado, polo que na Declaración de Impacto Ambiental (caducada) se contemplaban medidas como pintado de torres e pantallas vexetais.

Estamos a falar dun lugar de Interese Comunitario e Zona de Especial Conservación dos Valores Naturais (ZECVN), parte da Rede Natura 2000 e do ZEC Ancares – Courel e que se inclúe no proxecto de Reserva da Biosfera Ribeira Sacra – Serra do Oribio, así como que é área potencial no Plan de Recuperación do Oso Pardo (proxecto Life Oso-Pardo, cofinanciado con fondos europeos).

No DOG do 16 de xullo de 2009 publícase o anuncio da resolución do 18 de xuño de 2009 polo que se aproba definitivamente o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal do “Parque Eólico Oribio”.

Dende entón, o proxecto ficou parado. A súa declaración de impacto ambiental fora aprobada no ano 2005, momento dende o que se modificaron as circunstancias tecnolóxicas, enerxéticas e ambientais. Ademais, aprobouse o Plan Director da Rede Natura 2000 que, prohíbe a instalación de novos parques eólicos nos espazos desta rede.

O 1 de outubro de 2018 publícase no DOG a aprobación definitiva do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal da infraestrutura eléctrica denominada LAT 132 kV parque eólico Serra de Oribio-subestación Triacastela

Polo exposto, a deputada que subscribe formula as seguintes preguntas á Xunta de Galicia:



- Que medidas vai impulsar a Xunta para protexer a riqueza natural e patrimonial da Serra do Iribio?
- Ten a Xunta algunha solicitude de modificación do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal do “Parque Eólico Oribio”?
- Considera compatible o proxecto eólico do “Oribio” cos valores medioambientais e culturais da Serra do Iribio?
- Considera compatible o proxecto eólico do “Oribio” coa protección do Camiño de Santiago?
- Realizou a Xunta algunha investigación in situ sobre o Camiño Real que atravesa a Serra do Iribio? Cando? Que conclusións obtivo?

Santiago de Compostela, 11 de xullo de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. Mixto.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 11/07/2019 10:37:30**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Luís Villares Naveira, David Rodríguez Estévez, Pancho Casal Vidal e Paula Vázquez Verao**, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na **Comisión 4ª**

Unha familia cun menor de 5 anos de idade sufriu a discriminación por parte do colexio no que estuda, que lle negou a praza no campamento de verán. O menor con TEA adáptase perfectamente ao colexio e interactúa bastante cos compañeiros e compañeiras, aínda que este o deixara a marxe, privándoo da posibilidade de asistir aos campamentos de verán, no que si que participan menores procedentes doutros colexios. A familia chegou a ofertar ao colexio o pago dun monitor adicional para o menor, e xa presentaron o caso no servizo de Inspección da Consellería de Educación.

O centro si que ten no campamento a outros menores con diversidade, e asegurou que os criterios para a aceptación ou non dos menores son meramente pedagóxicos, asumen que erraron ao convocar a todas as familias con menores a información do campamento de verán e non só para aqueles menores que poden participar segundo as súas condicións en todas as actividades.

Por todo o exposto, os deputados e deputada que subscriben, preguntan á Xunta de Galicia:

- 1.- Coñece a Xunta por que o colexio Galén denegou que participase no campamento de verán un menor con Tea?
- 2.- Cre a Xunta que se incorreu en discriminación por razón de discapacidade?



3.- Cales son os criterios xerais da Consellería de Educación para a participación e autorización dos colexios a realización de campamentos de verán? De ser os colexios os que realizan e ofertan estas actividades, como intervén a Consellería de Educación na oferta dos mesmos e o control das posibles discriminacións que se podan producir?

4. Cre a Xunta que poden establecerse uns criterios uniformes para a concesión dos campamentos de verán aplicables segundo actividades a realizar?

5. Cre a Xunta que a denegación de participación deste menor se podía suplir con maior presenza de monitores?

Santiago de Compostela, 11 de xullo de 2019.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Paula Vázquez Verao

Davide Rodríguez Estévez

Francisco Casal Vidal

Deputados e deputada do G.P. Mixto.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 11/07/2019 17:00:27**

**Paula Vázquez Verao na data 11/07/2019 17:00:32**

**Francisco Casal Vidal na data 11/07/2019 17:00:44**

**David Rodríguez Estévez na data 11/07/2019 17:01:15**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Vázquez Verao**, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª**

Na comarca do Salnés non hai Punto de Encontro Familiar, co cal as persoas deben desprazarse ata Pontevedra, o PEF máis próximo, cunha lista de agarda de 6 meses.

No caso das vítimas de violencia de xénero, para que o servizo garanta a protección das mulleres e fillas e fillos a nivel comarcal e que este servizo sexa accesible e sinxelo, é esencial crear un Punto de Encontro Familiar na comarca do Salnés. Por iso, a Asociación ESMAR, NON Á VIOLENCIA, impulsou unha campaña para solicitar dito servizo na comarca do Salnés. Dita reivindicación foi asumida pola Mancomunidade do Salnés e aprobada como moción en todos os concellos, salvo Vilagarcía.

A distancia que hai ao PEF de Pontevedra provoca que moitas veces os intercambios se realicen en dependencias dos Concellos ou da Policía Local, ou na propia rúa, téndose dado casos de longas esperas á intemperie ata a chegada do outro proxenitor. A situación é tal que, tal e como denuncia ESMAR, hai vítimas de violencia de xénero que tiveron que saltar o protocolo de protección.

Caso de a Xunta non asumir esta reivindicación de ter un PEF no Salnés, a Mancomunidade do Salnés comprometeuse a crear un Punto de Intercambio Familiar. Neste tipo de recurso, os intercambios de menores en réxime de visitas realízanse sen tutela nin vixilancia, a diferenza dos PEF.

Nunha reunión da Mancomunidade do Salnés, informouse que a Xunta trasladou que hai nos Orzamentos de 2019 “unha partida de 100.000 € para a creación de



dous posibles novos puntos de encontro” e que a súa ubicación se baseará en “datos obxectivos, sobre todo pensando en onde haxa máis demanda”.

A Xunta considera que a rede de PEF de Galicia é “suficiente para atender a demanda existente dos xulgados e dos servizos de menores da Xunta de Galicia”, non obstante, reconece que “se está estudando a posibilidade de ampliar a rede co fin de estendela no territorio e así dar cobertura a poboacións importantes cuxos habitantes teñan que desprazarse para o cumprimento do réxime de visitas”.

Polo exposto, a deputada que subscribe, formula as seguintes preguntas:

1. Vai a Xunta impulsar a creación dun PEF no Salnés?
2. Como valora a Xunta a situación das persoas do Salnés que teñen que facer uso do servizo de PEF?
3. Cantos cartos exactamente ten previsto a Xunta para a creación de novos PEF en 2019?
4. É certo que a Xunta prevé crear dous novos PEF? En que comarcas?

Santiago de Compostela, 12 de xullo de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. Mixto.





**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 12/07/2019 10:08:53**





## Á MESA DO PARLAMENTO

**Davide Rodríguez Estévez**, deputada do **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 2ª**.

A Reserva da Biosfera de Allariz, A Bola, Rairiz de Veiga e Vilar de Santos foi declarada como tal no ano 2005 (21.482 hectáreas, algo máis de 9.000 habitantes).

É unha das 47 reservas que hai no Estado español.

As reservas da biosfera son patrimonio da humanidade declaradas pola UNESCO/ONU polos seus valores patrimoniais co fin de conciliar a conservación da súa biodiversidade co uso sustentable, o desenvolvemento económico, a investigación e a educación.

A Deputación de Ourense pretende arranxar a estrada OU 1114, neste arranxo vai eliminar polo pé máis de 100 árbores (33 carballos e amieiros de grandes dimensións e unhas 100 árbores máis pequenas -bidueiros, salgueiros, carballos, amieiros....-).

Pódese e débese arranxar a estrada OU 1114 sen cortar ningunha árbore. De facelo a Deputación de Ourense atentaría gravemente contra os valores medioambientais, paisaxísticos, etnográficos e culturais desta Reserva da Biosfera.



O obxecto do proxecto é a ampliación da estrada en unha ou ambas marxes entre o p.q. 3,020 ata o p.q. 3,518. Aplicarase unha capa de formigón bituminoso para regularizala superficie e instalarse sistemas de contención.

Con data 11/02/2019 o negociado de expropiacións redactou un oficio de posta a disposición dos terreos. Polo tanto foron realizados todos os trámites preceptivos, dando traslado deste procedemento a todos los afectados. Xa están pagados os depósitos previos polo que a ocupación pode realizarse en calquera momento.

Con data 02/02/2019, a Deputación de Ourense recibiu solicitude do Movemento Ecoloxista da Limia (MEL) de información en relación coas obras de acondicionamento da estrada OU-1114 entre o pq. 3,020 ata e pq. 3,518. En relación con:

- Alto valor paisaxístico y árbores centenarias.
- Solape coa Vía Nova.
- Zona ZEPA e ZEC, espazos da Rede Natura.
- Zona especial de anfibios.
- Expediente de expropiación.

En relación coas autorizacións sectoriais, a Deputación de Ourense informa que xa dispón das correspondentes a:

- Confederación Hidrográfica, informando de que non é necesaria a petición
- Medio Ambiente, permite as obras sen ningún tipo de cautela
- Medio Rural, autoriza as cortas
- Patrimonio Cultural.

A área da Reserva está formada por unha ampla depresión, cunha altitude media de 600 m, por onde decorre o río Limia, e rodeada dun reborde montañoso do



que destaca na súa parte norte o macizo granítico de Allariz, por onde decorre encaixado o río Arnoia.

Declarada no ano 2005, conta cunha superficie de 21.482 ha e abrangue os seguintes municipios da provincia de Ourense, A Bola, Allariz, Rairiz de Veiga e Vilar de Santos, cun conxunto poboacional de 9.867 habitantes.

Outras figuras de protección que posúe:

Humedal de Importancia Internacional (Convenio de Ramsar);

Zona de Especial Protección para las Aves (ZEPA);

Zona Especial de Conservación (ZEC).

Polo tanto, non entendemos como a Xunta de Galicia da estes permisos sen ter en conta as impresionantes virtudes coas que conta esta Reserva.

Por todo o exposto anteriormente, o deputado do Grupo Parlamentario Mixto, presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.<sup>a</sup>:

Vai permitir a Xunta de Galicia que se cometa outro “arboricidio” na Reserva da Biosfera de Allariz, A Bola, Rairiz de Veiga e Vilar de Santos?

Santiago de Compostela a 12 de xullo de 2019

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Deputado do G.P. Mixto





**Asinado dixitalmente por:**

**David Rodríguez Estévez na data 12/07/2019 11:14:09**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, sobre o dereito da mocidade a un proxecto de vida autónomo.

Segundo o último informe publicado polo Observatorio de Emancipación do Consello da Xuventude do Estado español, correspondente ao primeiro semestre de 2018, en Galiza hai 80.000 persoas menores de 30 anos que viven aínda na casa familiar.

Estes datos sitúan o noso país como o terceiro territorio do estado con menor taxa de emancipación entre as persoas de 25 e 29 anos. Neste senso, mentres que hai unha década case a metade da mocidade desta franxa de idade iniciara un proxecto vital fóra do domicilio familiar, na actualidade só o 35% puido independizarse.

As razóns? O propio Observatorio sinala que o maior retraso na idade de emancipación en Galiza ten un claro compoñente laboral “xa que son moi poucas as persoas mozas que participan do mercado” de traballo e “cando o fan,





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

conseguen empregos nos que a temporalidade, a sobrecualificación e o subemprego son máis probábeis que no resto do Estado”.

Alén diso, o salario que percibe a mocidade galega está lonxe de permitir enfrontar os custes que carrega a compra ou aluguer dunha vivenda ao que deben dedicar máis da metade dos seus ingresos netos (entre o 51,5% e o 58,4%, respectivamente).

Fronte a esta realidade, as políticas de vivenda da Xunta de Galiza amósanse absolutamente insuficientes para garantir o acceso da mocidade a este dereito fundamental imprescindible para desenvolver un proxecto de vida autónomo.

Actualmente, máis de 4.000 mozas e mozos galegos están agardando por unha vivenda pública da Xunta de Galiza o que representa apenas un terzo do total de persoas menores de 35 anos inscritas como demandantes de vivenda, fundamentalmente para aluguer.

Estes datos evidencian que o parque público para vivenda en aluguer do que dispón o Instituto Galego de Vivenda e Solo (3.500 vivendas todas elas ocupadas) é absolutamente insuficiente para atender as necesidades da mocidade galega. Tampouco as axudas que a Xunta de Galiza concede no marco do Plan estatal de Vivenda para apoiar a menores de 35 anos no pagamento dos custes de aluguer chegan para atender todas as solicitudes.

Así o recoñeceu a propia Xunta de Galiza que resolveu a Orde de axudas de 2018 fixando unha puntuación corte que deixou fóra moitas persoas





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

solicitantes “por non dispor de cobertura orzamentaria”. A convocatoria dispón só de 700.000 euros anuais (Programa 451B).

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

Cre a Xunta de Galiza que as mozas e mozos do noso país contan coas condicións necesarias para desenvolver un proxecto de vida autónomo?

Como valora o Goberno galego os datos de emancipación xuvenil do noso país?

Considera a Xunta de Galiza que a actual política de vivenda garante o acceso da mocidade a este dereito fundamental?

Que medidas pensa adoptar o Goberno galego para mudar esta situación?

Santiago de Compostela, 12 de xullo de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Montserrat Prado Cores**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 12/07/2019 13:33:02**

**Xosé Luis Bará Torres na data 12/07/2019 13:33:09**

**María Montserrat Prado Cores na data 12/07/2019 13:33:14**

**Noa Presas Bergantiños na data 12/07/2019 13:33:21**

**Xosé Luis Rivas Cruz na data 12/07/2019 13:33:28**

**Ana Pontón Mondelo na data 12/07/2019 13:33:36**







XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 10/07/2019 09:30:00  
Nº Rexistro: 52414

Data envío: 09/07/2019 18:35:05.091

Data 09/07/2019 18:34

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 48511**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e don Abel Fermín Losada Álvarez, sobre **“os datos referidos ás modificacións levadas a cabo nos créditos orzamentarios inicialmente destinados ás corporacións locais de Galicia para o ano 2018 e a valoración do Goberno galego ao respecto”**, (publicada no BOPG número 459 do 10 de abril de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“O pasado 21 de xuño na Comisión 3ª de Economía, Facenda e Orzamentos o director xeral de Planificación e Orzamentos deu reposta á iniciativa con Núm. de rexistro 48509 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia na que contestaba a unha iniciativa como esta.

O director xeral explicou que as partidas aprobadas no orzamento inicial poden ser obxecto de modificación para atender ás diferentes incidencias que xorden ao longo do exercicio e para incorporar remanentes de exercicios pechados que haxa que atender no exercicio corrente.

Así mesmo aclarou que a dotación e execución do orzamento debe ser obxecto dunha análise conxunta e mesmo plurianual, pois a experiencia amosa como ao longo do ano xorden necesidades que non poden esperar ao próximo orzamento e que, precisan ser financiadas con outras recollidas no orzamento inicial pero menos prioritarias, e que tamén é usual que en casos non se esgote o crédito orzado inicialmente por que non se demande toda unha liña de subvencións e quedan remanentes de crédito ao cerramento. Por outra banda temos incorporacións de fondos finalistas non executados en exercicios pechados ou xerados por ingresos, que modifican os créditos iniciais, estas partidas de non executarse non se perden, pois poden volverse a incorporar dado o seu carácter finalista.





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 10/07/2019 09:30:00  
Nº Rexistro: 52414  
Data envío: 09/07/2019 18:35:05.091

O director xeral explicou polo miúdo que as partidas que financian transferencias a corporacións locais foron obxecto de aumento neto de 16 millóns no 2018 sobre o orzamento inicial. Estas partidas foron comprometidas nun 98% do vixente e cun 102% sobre o inicial.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 10/07/2019 09:30:00  
**Nº Rexistro: 52414**  
Data envío: 09/07/2019 18:35:05.091

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/07/2019 18:35:00**

CSV: BOPGDSPGCwawUcs9H7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 49489** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“a opinión e as previsións do Goberno galego respecto da política laboral que se está a seguir no Sergas e a resolución do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia referida á concatenación de contratos eventuais para postos de carácter estrutural”**, (publicada no BOPG número 474 do 7 de maio de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Remitímonos á resposta facilitada pola directora xeral de Recursos Humanos á pregunta oral número 49488 que tivo lugar na Comisión 5ª do 2 de xullo de 2019.

Pode consultarse tal intervención no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-5-sanidade-politica-social-emprego-2019-07-02?part=52b6252a-0276-48fb-86f3-be0080089129&start=6311>”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 10/07/2019 12:17:30  
**Nº Rexistro: 52442**  
Data envío: 10/07/2019 12:17:30.722

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 10/07/2019 12:17:27**

CSV: BOPGDSPGCwawUcs9H7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 49795**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“o desprazamento da técnico titular da Unidade de Medicina Nuclear do Hospital Lucus Augusti de Lugo por unha persoa en comisión de servizo”**, (publicada no BOPG número 477 do 15 de maio de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A unidade de Medicina Nuclear do Hospital Universitario Lucus Augusti comenzo a realizar as súas funcións no 2016. Dentro do procedemento de apertura da nova unidade, realizouse formación e entreno do persoal técnico especialista en Diagnóstico por Imaxe.

O 17 setembro de 2018 incorporouse á unidade, en virtude de comisión de servizos, unha Técnico Especialista en Medicina Nuclear que ten nomeamento fixo, comisión de servizos que se tramitou conforme aos procedementos establecidos no Servizo Galego de Saúde. Esta profesional acredita formación académica e pertence a unha categoría con ámbito funcional específico nas unidades de medicina nuclear, polo que está habilitada, tanto academicamente como por razón de categoría, para prestar servizos en calquera unidade de medicina nuclear.

Respecto do persoal técnico especialista con especialidade en Diagnóstico por Imaxe cómpre dicir que non se cambiaron as condicións básicas da súa relación laboral. Seguen a rotar periodicamente pola unidade de Medicina Nuclear, o que estimamos necesario para que permanezan actualizados e coa formación necesaria para poder asumir o traballo na unidade.

O persoal que presta servizos no Hospital Universitario Lucus Augusti, ten ámbito do seu nomeamento no conxunto do centro e non en unidades concretas do mesmo. Por elo, sen prexuízo do establecido nos procedementos de mobilidade interna, pode ser asignado a realizar as funcións propias da súa categoría a calquera unidade da mesma.

Os técnicos especialistas de Diagnóstico por Imaxe do Hospital Universitario Lucus Augusti teñen nomeamento para prestar servizos no conxunto do centro, e o feito de ter formación específica en materia de Medicina Nuclear non impide a súa asignación a calquera unidade con funcións propias da súa categoría no referido centro. En calquera caso, todos os que acadaron



formación e entrenamento específico seguen rotando pola unidade de Medicina Nuclear de xeito periódico. Ningún deles ten acadado destino exclusivo na unidade de Medicina Nuclear”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 04/07/2019 09:59:48  
**Nº Rexistro: 52243**  
Data envío: 04/07/2019 09:59:48.098

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/07/2019 9:59:24**

CSV: BOPGDSPGCwawUcs9H7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>







XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 10/07/2019 09:30:00  
Nº Rexistro: 52413

Data envío: 09/07/2019 18:34:50.841

Data 09/07/2019 18:34

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 51586**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a posible utilización por parte do Goberno galego na actualidade de herbicidas con glifosato nas estradas do Baixo Miño, así como as súas previsións respecto do abandono do seu uso nos lugares públicos e a súa substitución por métodos alternativos non contaminantes nin perigosos para a saúde e para o ambiente”**, (publicada no BOPG número 493 do 26 de xuño de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida polo director da Axencia Galega de Infraestruturas en resposta á pregunta oral en Comisión número 51585, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da Comisión 2ª celebrada o 5 de xullo de 2019, á que nos remitimos.

Entre outras cuestións, na súa intervención, o director da Axencia Galega de Infraestruturas salientou que a Xunta está a avaliar a viabilidade de adoptar medidas alternativas de control de vexetación nas estradas, blindando o obxectivo prioritario de garantir a seguridade viaria. Explicou que a posible adopción destas accións alternativas á aplicación de herbicidas permitirían unha progresiva redución do seu uso.

Lembrou, que a Axencia Galega de Infraestruturas, como órgano encargado do mantemento das vías autonómicas, leva a cabo actuacións para o control da vexetación nas marxes das estradas para manter a funcionalidade da rede, garantido a seguridade co mantemento da visibilidade para os condutores e do espazo libre de tránsito para os peóns. Este é o obxectivo das campañas de control da vexetación que periodicamente se levan a cabo nas estradas autonómicas, sempre cumprindo coa normativa vixente, esixindo a utilización de produtos





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 10/07/2019 09:30:00  
Nº Rexistro: 52413  
Data envío: 09/07/2019 18:34:50.841

autorizados que son estendidos por persoal especializado e só cando as condicións climatolóxicas son as idóneas para acadar un efecto localizado sobre a vexetación máis próxima ás estradas.

Indicou, así mesmo, que o glifosato está autorizado pola Unión Europea, tal como establece o Regulamento de execución (UE) 2017/2324 da Comisión do 12 de decembro de 2017. Un produto que tamén está a ser empregado pola Administración do Estado nas estradas da súa titularidade e por entidades locais.

A resposta completa do director da Axencia Galega de Infraestruturas pode verse nos seguintes enlaces:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2-ordenacion-territorial-obras-publicas-medio-ambiente-servizos-2019-07-05?part=11d3368d-469a-4cd3-b01d-0cc07ae39da6&start=3632>

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2-ordenacion-territorial-obras-publicas-medio-ambiente-servizos-2019-07-05?part=11d3368d-469a-4cd3-b01d-0cc07ae39da6&start=4293.](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2-ordenacion-territorial-obras-publicas-medio-ambiente-servizos-2019-07-05?part=11d3368d-469a-4cd3-b01d-0cc07ae39da6&start=4293)”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/07/2019 18:34:42





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 51725** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“a información do Goberno galego referida ás carencias de material básico que se veñen padecendo no Centro de Saúde de Foz, así como a súa opinión respecto da súa incidencia na calidade a sistencial do centro”**, (publicada no BOPG número 493 do 26 de xuño de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O sistema de dobre caixón ou Kanban para o subministro e reposición de material funxible está implantado no Centro de Saúde de Foz como en outros centros de saúde da EOXI de Lugo, Cervo e Monforte de Lemos. Este sistema foi implementado en xuño de 2016. A dotación de material é consensuada cos profesionais do centro para cubrir a demanda asistencial do mesmo cunha reposición continua e urxente no caso de que se precisara para a cobertura de calquera continxencia ou incidencia. Dito sistema está funcionando de xeito continuo e satisfactorio. A finais do mes de maio produciuse unha incidencia cunha etiqueta de reposición que xerou a rotura do stock dunha medida de agullas de extracción que foi inmediatamente solucionado. Tamén se subministrou papel padiola para manter a operatividade xa que se produciu temporalmente incremento da demanda. En ningún caso se produciu falla de control do subministro de produtos de primeira necesidade xa que a EOXI dispón de medios de transporte así como persoal para solucionar este tipo de incidencias de xeito inmediato.

A asistencia sanitaria non se viu afectada polas posibles incidencias puntuais que se puidera producir”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
*(ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 10/07/2019 12:58:53  
**Nº Rexistro: 52444**  
Data envío: 10/07/2019 12:58:53.097

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 10/07/2019 12:58:30**

CSV: BOPGDSPGCwawUcs9H7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 51847** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Flora María Miranda Pena e dona Paula Vázquez Verao, sobre **“as actuacións levadas a cabo pola Xerencia de Xestión Integrada para mellorar a atención aos doentes oncohematolóxicos da área sanitaria de Santiago de Compostela e a dispoñibilidade dalgún plan para dotar do persoal necesario a área de Oncohematoloxía”**, (publicada no BOPG número 495 do 1 de xullo de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Desde o mes de decembro do ano 2017, para incrementar o número de cadeiras de brazos e camas, así como para mellorar a estancias destinadas á salas de espera, foron separados os espazos dos hospitais de día de Hematoloxía e Oncoloxía.

Esta separación supuxo a creación dunha consulta de farmacia propia para cada especialidade (Oncoloxía, Hematoloxía), o que implicou unha diminución importante no tempo mentres se espera a preparación do tratamento.

Desde o Servizo Galego de Saúde estanse a mellorar os hospitais de día para que os pacientes dispoñan da maior confortabilidade posible e se axilicen os tempos de espera.

Nestes momentos estase a implantar unha aplicación vía mensaxe telefónica que avise ao paciente e/ou á súa familia de que o tratamento está listo, de tal forma que non teña que permanecer á espera no hospital de día.

Tamén estase a potenciar a extracción da analítica no centro de saúde o día anterior, co cal ao traela realizada afórrase o período de extracción e espera do resultado (non todos os pacientes son susceptibles desta posibilidade).

Polo que se refire á alimentación durante a estancia nos hospitais de día, mentres se está con tratamento proporciónase un refrixerio, non un menú hospitalario de paciente ingresado. Nas salas de espera contamos coa inestimable colaboración das asociacións de pacientes que pasan un carriño con café ou infusións.



Estase a estudar a reubicación da consulta de farmacia nun espazo anexo, cunha sala de espera asociada, o que suporá unha mellora na sala de espera actual.

A separación dos hospitais de día supuxo un incremento de dotación de persoal de enfermaría, auxiliares e celadores, adaptando o persoal ás necesidades que van xurdindo.

O hospital dispón dunha zona de aparcamento gratuito nas inmediacións do mesmo. A xestión dos aparcamentos de pago corresponde ao concello así como a habilitación de zonas de aparcamento en áreas limítrofes. Desde a Xerencia facilítase o transporte con ambulancia aos pacientes que o necesitan”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 10/07/2019 12:17:19  
**Nº Rexistro: 52441**  
Data envío: 10/07/2019 12:17:19.143

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 10/07/2019 12:17:05**

CSV: BOPGDSPGCwawUcs9H7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





## Á Mesa do Parlamento

**Os Grupos Parlamentarios dos Socialistas de Galicia e En Marea,** ao abeiro do disposto nos artigos 56.4 e 98 do Regulamento da Cámara, solicitan á mesa do Parlamento se proceda á convocatoria urxente da Deputación Permanente para que se proceda á convocatoria dun Pleno extraordinario coa seguinte orde do día:

- Comparecencia do presidente da Xunta de Galicia para dar conta do nomeamento da Sra. Corina Porro como delegada da Xunta de Galicia en Vigo.

Pazo do Parlamento, 15 de xullo de 2019

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Manuel Lago Peñas


G.P. En Marea

**Asinado dixitalmente por:**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 15/07/2019 13:46:18**

**José Manuel Lago Peñas na data 15/07/2019 13:48:55**





PARLAMENTO  
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

